



Facultade de Xeografía e Historia
Grao en Historia da Arte

**Pistoia e Santiago de Compostela:
relación e culto ao Apóstolo.**

María Rodríguez Senra

Tutora:

Marta Cendón Fernández

Departamento de Historia da Arte Antiga e Medieval

Curso 2022/2023

Índice

| | |
|---|----|
| Resumo | 1 |
| Resumen | 1 |
| Abstract..... | 2 |
| 1. Introducción | 3 |
| 2. O apóstolo Santiago | 5 |
| 2.1 A lenda do apóstolo Santiago | 8 |
| 2.1.1 <i>Passio maior</i> | 9 |
| 2.1.2 <i>Translatio</i> | 10 |
| 2.2 Representacións iconográficas de Santiago o Maior | 11 |
| 2.2.1 Apóstolo | 11 |
| 2.2.2 Peregrino..... | 12 |
| 2.2.3 Cabaleiro..... | 13 |
| 3. O culto a Santiago o Maior en Compostela..... | 15 |
| 4. A peregrinación dende Italia | 17 |
| 5. De Santiago a Pistoia..... | 23 |
| 5.1 O culto a Santiago na cidade de Pistoia | 24 |
| 5.1.1 <i>Opera di San Jacopo</i> | 29 |
| 5.1.2 Patrón da cidade..... | 30 |
| 5.1.3 O altar de <i>San Jacopo</i> | 31 |
| 5.2 Iconografía de Santiago o Maior en Pistoia..... | 34 |
| 5.3 As tradicións populares..... | 36 |
| 6. Conclusións | 38 |
| 7. Fontes primarias e bibliografía..... | 39 |
| 8. Anexos..... | 44 |

Resumo

A partir do século XII, trala chegada dunha reliquia ósea do apóstolo Santiago e dunha copia incompleta do *Codex Calixtinus*, a cidade de Pistoia consagrouse como a “Compostela Italiana”, quedando baixo o padroado do santo e mergullada no seu culto. O acontecemento resultou tan relevante, que a cidade toscana quedou fixada coma unha das etapas fundamentais da peregrinación italiana a Santiago, xa que conseguiu conformar un novo lugar de devoción ao apóstolo no altar de *San Jacopo* da catedral pistoiense. Todos os intercambios socioculturais realizados nas peregrinacións italianas a Compostela foron os que axudaron a adoptar na cidade unha iconografía propia nas artes visuais e na arquitectura local, ademais de incorporar un culto xacobeo particular que estaba adaptado ao contexto propio da cidade, e que sempre se viu influído pola haxiografía, as tradicións e a cultura local compostelá. A creación deste novo centro de peregrinación cristiá en Italia foi iniciado hai nove séculos, e continúa vixente na actualidade coa presente irmandade de ambas cidades.

Palabras chave: Pistoia, Santiago, Reliquia, Peregrinación, Culto.

Resumen

A partir del siglo XII, tras la llegada de una reliquia ósea del apóstol Santiago y de una copia incompleta del *Codex Calixtinus*, la ciudad de Pistoya se consagró como la “Compostela Italiana”, quedando bajo el patronato del santo y sumergida en su culto. El acontecimiento resultó tan relevante, que la ciudad toscana quedó fijada como una de las etapas fundamentales de la peregrinación italiana a Santiago, ya que consiguió conformar un nuevo lugar de devoción al apóstol en el altar de *San Jacopo* de la catedral pistoyense. Todos los intercambios socioculturales realizados en las peregrinaciones italianas a Compostela fueron los que ayudaron a adoptar en la ciudad una iconografía propia en las artes visuales y en la arquitectura local, además de incorporar un culto jacobeo particular que estaba adaptado al contexto propio de la ciudad, y que siempre se vio influido por la hagiografía, las tradiciones y la cultura local compostelana. La creación de este nuevo centro de peregrinación cristiano en Italia fue iniciado hace nueve siglos, y continúa vigente en la actualidad con la presente hermandad de ambas ciudades.

Palabras clave: Pistoya, Santiago, Reliquia, Peregrinación, Culto.

Abstract

From the 12th century onwards, following the arrival of a bone relic of the Apostle St. James and an incomplete copy of the *Codex Calixtinus*, the town of Pistoia was consecrated as the "Italian Compostela", coming under the patronage of the saint and immersed in his cult. The event was so important that the Tuscan town became one of the fundamental stages of the Italian pilgrimage to Santiago, as it succeeded in creating a new place of devotion to the apostle on the altar of *San Jacopo* in Pistoia's cathedral. All the socio-cultural exchanges that took place during the Italian pilgrimages to Compostela were what helped the city to adopt its own iconography in the visual arts and in local architecture, as well as incorporating a particular Jacobean cult that was adapted to the city's own context, and which was always influenced by the hagiography, traditions and local Compostelan culture. The creation of this new centre of Christian pilgrimage in Italy was initiated nine centuries ago, and continues to this day with the present twinning of the two cities.

Key words: Pistoia, Santiago, Relic, Pilgrimage, Cult.

1. Introducción

O termo “peregrinación” asóciase, nun primeiro momento, coas máis primitivas formas de desprazamento humano¹ ata a chegada da espiritualidade paleocristián, onde os sepulcros de santos e mártires comézanse a converter no centro da vida eclesiástica das rexións, permitindo así, que, xa no Alto Medievo da Europa Occidental, os bispos puidesen basear o seu poder en torno á organización destes, atraendo o influxo da peregrinaxe cara os lugares sacros, como é o caso de Santiago de Compostela e Pistoia².

A orixe da peregrinación a Santiago de Compostela, e da creación do coñecido Camiño, ten lugar no século IX, co descubrimento dos restos do apóstolo Santiago o Maior, fillo de Zebedeo³, e a posterior construción do santuario relixioso que os albergaba. No caso de Compostela, o fenómeno da peregrinación crea unha ruta que pode estenderse máis alá das motivacións relixiosas⁴, converténdose nunha das *peregrinatio maior*, xunto a Xerusalén e Roma⁵.

O emerxente culto ao apóstolo Santiago, e o feito da peregrinación, adoptouse con importancia na cidade italiana de Pistoia ao longo do século XII, cando se consagrou, no interior da Catedral, o altar de prata que garda a reliquia do corpo do apóstolo, doada anos atrás polo arcebispo compostelán Diego Xelmírez ao bispo italiano Atto, o 25 de xullo de 1144⁶. A partir desta data é cando se da comezo ao culto xacobeo en Pistoia, consagrando a Santiago coma patrón da cidade ata hoxe en día, e relacionando á cidade coma unha das

¹ Lopez, L. (2012). *La imagen de Santiago de Compostela y del Camino en Italia. Una aproximación desde la geografía cultural*. [Tesis de Doctorado, Universidad de Santiago de Compostela]. Repositorio institucional – Universidad de Santiago de Compostela, p. 15

² Gai, L. (1988). *Il Cammino di Santiago: Storia della devozione medioevale per l'apostolo Giacomo il maggiore, protettore della Spagna e patrono di Pistoia*. Comitato di S. Jacopo, Pistoia, p. 2

³ Santos Solla, X. M. (2006). El Camino de Santiago: turistas y peregrinos hacia Compostela. *Cuadernos de Turismo*, (18), 135-150, p. 136

⁴ *Ibidem*.

⁵ Plötz, R. (2006). “El Camino de Santiago. Puente histórico de comunicación entre las naciones europeas y signo de la nueva Europa”, en *Actas del VII Congreso Internacional de Asociaciones Jacobeas* (pp. 35-54). Centro de Estudios Jacobeos, p. 5

⁶ D'Apruzzo, A. (2016). *Il culto di San Giacomo Maggiore e l'immagine iacobea a Pistoia*. [Tesis de maestría no publicada]. Alma Mater Studiorum, Universidad de Bologna, p. 1

etapas fundamentais da peregrinación en Italia ao acoller aos pasaxeiros da vía Francíxena⁷.

A chegada da reliquia á cidade toscana acompañouse tamén dunha copia incompleta do *Liber Sancti Jacobi*, coñecido popularmente coma *Codex Calixtinus*, do que se fala por primeira vez no meticuloso estudio de Lucia Gai: *L'altare argenteo di san Jacopo nel duomo di Pistoia*⁸⁹. O códice é considerado o documento haxiográfico compostelán máis importante dedicado á vida do santo e está directamente relacionado co Camiño de Santiago e co culto xacobeo¹⁰, e a súa lectura conseguiu influír de xeito directo en Pistoia, na organización arquitectónica no espazo dedicado ao apóstolo Santiago dentro da súa catedral e na súa haxiografía local¹¹.

Deste xeito, aínda que o nacemento do culto xacobeo en Pistoia estivese directamente ligado á cidade de Santiago, cos anos esta puido desenvolver unha iconografía e cultura xacobeas propia, adaptándose á realidade local e establecendo unhas tradicións e unha haxiografía local semellante á compostelá¹².

Con este traballo preténdese realizar unha extensa revisión bibliográfica que permita un achegamento á relación existente entre as cidades de Santiago de Compostela e Pistoia a través da figura do apóstolo Santiago e a súa devoción. Para elo, expoñeráse unha análise na que se deliñará a figura do apóstolo para poder explicar a súa lenda e o conseguinte culto na cidade galega. E nunha segunda parte, procurarase revisar a chegada do culto a Santiago o Maior a Italia, centrándose especialmente na cidade toscana de Pistoia, para así poder realizar unha análise da influencia do culto xacobeo nela, na

⁷ D'Apruzzo, A. (2019). "Pellegrinaggio iacobeo e committenza francescana: il caso di Pistoia", en *V Ciclo di Studi Medievali* (pp. 227-233). NUME, Nuovo Medioevo, gruppo di ricerca sul Medioevo latino, p. 9

⁸ Gai, L. (1984). *L'altare argenteo di San Iacopo nel Duomo di Pistoia. Contributo alla storia dell'oreficeria gotica e rinascimentale italiana*. Umberto Allemandi & C., Torino.

⁹ Díaz y Díaz, M. (1984). "El texto y la tradición textual del Calixtino", en *Atti del Convegno Internazionali di Studi. Pistoia e il Cammino di Santiago: Una dimensione europea nella Toscana medioevale*, Pistoia 28-30 settembre, 1984 (pp. 23-56). Edizioni Scientifiche Italiane, p. 23

¹⁰ Temperán Villaverde, E. (1997). *La liturgia propia de Santiago en el Códice Calixtino*. Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, p. 7

¹¹ D'Apruzzo, A. (2016). *Op. Cit.*, p. 1

¹² *Ibidem*.

evolución da iconografía nas artes visuais e na arquitectura da cidade e nas propias tradicións populares tralo establecemento do santo coma patrón da cidade.

Abordarase a realización do traballo dende as fontes primarias tales coma o *Codex Calixtinus*, xa nomeado, e as Sagradas Escrituras, así coma dende as súas interpretacións e traducións máis modernas. Por outra parte, farase uso da máis extensa recompilación bibliográfica posible que aborde o tema a tratar nas diferentes linguas: castelán, galego, inglés e italiano, para así explicalo con detemento dende unha perspectiva analítica e crítica contemporánea.

2. O apóstolo Santiago

Santiago, fillo de Zebedeo e María Salomé, e irmán de Xoán Evanxelista, foi un dos doce apóstolos que na primavera do ano 28 d.C. decidiu renunciar a todo para seguir ao Señor¹³. “Máis adiante atopou outros dous irmáns: Santiago e mais Xoán, fillos de Zebedeo, que estaban co seu pai na barca arranxando o aparello. Tamén os chamou, e eles coa mesma deixaron a barca e mais a seu pai e seguírono.” (Mt, 4:21-22).

Foi comunmente chamado Santiago o Maior para así poder distinguilo do outro apóstolo chamado Santiago de Alfeo, máis coñecido coma Santiago o Menor¹⁴, e porque, ademais, foi o primeiro dos apóstolos en seguir a Cristo, o primeiro en sufrir o martirio, e o máis querido e parecido a Xesús¹⁵, segundo sinala Caucci von Saucken.

Segundo o Evanxeo de san Marcos, tamén se lle coñece coma “Boanexes”, é dicir, fillo do trono: “Estes foron os Doce que designou: Simón, a quen lle puxo de nome Pedro; Santiago, o fillo de Zebedeo e mais o seu irmán Xoán, ós que lles puxo de sobrenome Boanexes, que quere dicir fillos do Trebón.” (Mc, 3:16-17). Isto débese

¹³ Caucci von Saucken, P. G. (1984). *Il Cammino Italiano a Compostela. Il pellegrinaggio a Santiago di Compostella e l'Italia*. Università degli studi di Perugia, p. 9

¹⁴ Rafanelli, F. (2015). *San Giacomo Apostolo*. Diocesi di Pistoia. https://www.diocesipistoia.it/san-giacomo-apostolo/?preview=true&preview_id=4104, p.1

¹⁵ Caucci von Saucken, P. G. (1984). *Op. Cit.*, p. 9

probablemente ao seu vehemente e impetuoso carácter e ao seu afán de difusión da fe¹⁶, aínda que pode relacionarse tamén co episodio narrado no Evanxeo de san Lucas:

Cando se ía cumprir o tempo de que o levantase deste mundo, decidiu en firme ir a Xerusalén. Mandou mensaxeiros por diante. Entrando estes nunha aldea de samaritanos, para lle prepararen pousada, non o recibiron, porque lle coñeceron que ían cara a Xerusalén. O veren isto, os discípulos Santiago e Xoán dixeron: Señor, ¿queres que digamos que baixe do ceo un raio que os parta? Pero el volveuse e rifoulles. E foron para outra aldea. (Lc, 9:51-56).

Ademais, tamén no *Codex Calixtinus*, fálase deste sobrenome utilizado polo Mesías para nomear aos irmáns e enxalzar as súas virtudes e o seu rotundo carácter coma evanxelizadores de xudeus¹⁷:

Santiago e San Xoan, debido a que estaban ligados por vínculos de irmandade de carne e de espírito, non reciben nomes individualmente, senón en común, por razón da súa firmeza na fe e magnanimidade son chamados Boanexes, isto é, fillos do trono. ¿E que trono é este, cuxos fillos foron feitos Santiago e Xoán? Indubidablemente, o que retumbou dende a nube sobre Cristo [...] ¡Oh admirable benignidade do Salvador, que converte as dotes naturais de Santiago e San Xoán en dons da graza! [...] O trono fere as nubes, emite lóstregos, fai tremer a terra e régaa coa choiva. Isto, en sentido figurado, concedeullo o Señor a Santiago e a San Xoán en maior abundancia que aos demais. E debido a que Santiago era o de máis idade, por iso a orde esixía que empezase a tronar o primeiro. Por tanto, despois da Ascensión do Señor, Santiago, cheo do Espírito Santo, feriu as nubes xudaicas coa súa predicación. Atacou a malicia dos xudeus, botoulles en cara a dureza do seu corazón e confundiu a súa envexa. A malicia, porque debendo avergoñarse dos seus pecados, non

¹⁶ Rodríguez, M. F. (2010). “Boanerges”, en M. F. Rodríguez (ed.), *Gran Enciclopedia del Camino de Santiago, Diccionario de la Cultura Jacobea*. (Vol. 3). Ediciones Bolanda, Santiago de Compostela, p. 99

¹⁷ *Ibid.*, p. 100

só non se corrixían, senón que perseguían aos que os amoestaban, con odio implacable. (*Codex Calixtinus*, Libro I, Capítulo XV pp. 163-164)¹⁸.

É nos Evanxeos e nos Feitos dos Apóstolos onde se recollen as primeiras referencias ao santo, e onde se recollen as súas vivencias coma discípulo de Xesús, despois de responder á chamada deste mentres pescaba no lago Tiberíades xunto a Xoán, Pedro e Andrés¹⁹.

A figura de Santiago foi moi destacable dentro do conxunto apostólico, o que lle permitiu poder asistir, xunto aos apóstolos Pedro e Xoán, a algúns dos momentos máis importantes da vida do Mesías²⁰; entre eles destaca a resurrección da filla de Xairo: “E non permitiu que ninguén o acompañase, fóra de Pedro, Santiago e Xoán, o irmán de Santiago [...] Colleuna pola man e díxolle: Talitha, qumi (que quere dicir: “rapaza, érguete”). A rapaciña ergueuse de contado, e botouse a andar.” (Mc, 5:37-42); a transfiguración de Cristo: “Seis días despois, colleu Xesús a Pedro, a Santiago e a Xoán seu irmán, e subiu con eles sós a un monte alto. Alí transfigurouse diante deles [...]” (Mt, 17:1-2); e a agonía no Getsemaní antes de ser arrestado: “E, levando consigo a Pedro e mais ós dous fillos do Zebedeo, empezou a poñerse triste e a sentirse fondamente angustiado. E díxolles: Morro de tristura; quedade aquí, e vixiade comigo.” (Mt, 26:37-38).

Tras as palabras de Xesús previas á súa Ascensión aos ceos: “Pero recibiredes a forza do Espírito Santo, que virá sobre vós e seredes as miñas testemuñas en Xerusalén, en toda Xudea e Samaría e ata os confíns da terra.” (Feitos, 1:8), o apóstolo Santiago recibiu a súa perentoria iluminación o día do Pentecostés, e deu así comezo á súa misión coma evanxelizador xunto ao resto dos apóstolos²¹.

¹⁸ *Liber Sancti Iacobi. Codex Calixtinus*. (2004), Moralejo, A., Torres, C. e Feo García, J. (trad.), Consellería de Cultura, Comunicación social e Turismo, Xerencia de Promoción do Camiño de Santiago, Santiago de Compostela. En adiante *LSI*. Tradución propia do texto orixinal.

¹⁹ Rodríguez, M. F. (2010). “Santiago el Mayor”, en M. F. Rodríguez (ed.), *Gran Enciclopedia del Camino de Santiago, Diccionario de la Cultura Jacobea*. (Vol. 16). Ediciones Bolanda, Santiago de Compostela, p. 9

²⁰ D’Apruzzo, A. (2016). *Op. Cit.*, p. 19

²¹ Caucci von Saucken, P. G. (1984). *Op. Cit.*, p. 10

Finalmente, o santo será o primeiro en recibir o martirio ao morrer decapitado a mans do rei Herodes Agripa I entre os anos 42 e 43 d. C.²², suceso recollido por primeira vez nos Feitos dos Apóstolos²³: “Por ese tempo o rei Herodes botou man dalgúns membros da Igrexa, para os maltratar. Mandou matar coa espada a Santiago, o irmán de Xoán.” (Feitos, 12:1-2).

2.1 A lenda do apóstolo Santiago

Na segunda metade do século XIII, o frade dominico Santiago da Voráxine, realizou unha recompilación de textos haxiográficos de máis de 180 santos e mártires cristiás, coñecida coma a *Legenda aurea*, na que se atopa a forma concluínte da lenda do apóstolo²⁴.

O capítulo dedicado aos milagres, a vida e ao martirio de Santiago, parte principalmente do xa contado con anterioridade polo papa Calixto II no *Codex Calixtinus*²⁵, aínda que tamén doutras fontes coma os textos latinos primitivos sobre a vida dos apóstolos, do traballo de compendio realizado por Jean Béleth, e da obra latina coñecida coma *Passio Sancti Iacobi*²⁶, na que se recollen as circunstancias do martirio de Santiago.

A versión dos feitos contada na *Legenda aurea* é máis simple, sinxela e razoable, cun intelixente manexo crítico das fontes lendarias e milagrosas anteriores²⁷, e todo indica que a súa resonancia foi superior á do *Calixtinus* debido á súa enorme difusión e á

²² *Ibidem*.

²³ D'Apruzzo, A. (2016). *Op. Cit.*, p. 20

²⁴ Caucci von Saucken, P. G. (1984). *Op. Cit.*, p. 17

²⁵ Díaz de Bustamante, J. M. (1999). “La Leyenda Dorada de Jacobo de Varazze. Hagiografía y devoción: santos, reliquias y peregrinaciones”, en *Santiago el Mayor y la Leyenda Dorada* (pp. 113-128). Consellería de Cultura, Comunicación social e Turismo, p. 126

²⁶ Rodríguez, M. F. (2010). “Legenda aurea”, en M. F. Rodríguez (ed.), *Gran Enciclopedia del Camino de Santiago, Diccionario de la Cultura Jacobea*. (Vol. 11). Ediciones Bolanda, Santiago de Compostel, p. 120

²⁷ Savino, G. (1984). “La leggenda di San Jacopo dal volgarizzamento trecentesco della <<Legenda aurea>> di Jacopo da Varazze in un codice pistoiese”, en *Atti del Convegno Internazionali di Studi. Pistoia e il Cammino di Santiago: Una dimensione europea nella Toscana medioevale*, Pistoia 28-30 settembre, 1984 (pp. 231-244). Edizioni Scientifiche Italiane, p. 231

popularidade da súa autoría, xa que Santiago da Voráxine era arcebispo da cidade de Xénova²⁸.

O texto divídese na explicación da paixón de Santiago, coñecida comunmente coma a *Passio maior*²⁹, na historia da *Translatio* do corpo do apóstolo ata Galicia, e na exposición de doce diferentes milagres que teñen por protagonistas aos fieis devotos ao apóstolo e aos peregrinos do Camiño a Galicia³⁰.

2.1.1 *Passio maior*

Nárrase coma, despois da Ascensión de Cristo, o apóstolo Santiago comezou a expandir a palabra de Cristo polas rexións de Xudea e Samaría ata chegar a España, onde non obtivo máis de nove discípulos. Destes, escolleu a dous para que continuasen predicando, e regresou a Xudea cos outros sete, onde se atopou con que o mago Hermóxenes fixera esquecer a maior parte das ensinanzas de Xesús mediante o uso da maxia³¹.

Santiago converteu primeiro a Fileto, o discípulo do mago, e tras unha longa batalla contra os demos que este lle enviou, conseguiu que o mesmo Hermóxenes se axeonllase ante a fe de Cristo. Estes feitos non foron benvidos polo sacerdote xudeu de nome Abiatar, polo que mandou capturar ao apóstolo e, xa en mans do rei Herodes Agripa I, este foi decapitado³².

Mentres Santiago era conducido ao lugar do seu martirio, relátase o milagre da curación dun paralítico. Este feito conlevou á conversión e bautismo do escriba Xosías, quen lle puxera a soga no pescozo ao apóstolo para capturalo, e quen finalmente rematou acompañándoo na súa execución³³.

²⁸ Caucci von Saucken, P. G. (1984). *Op. Cit.*, p. 17

²⁹ Gai, L. (1988). *Op. Cit.*, p. 17

³⁰ Caucci von Saucken, P. G. (1984). *Op. Cit.*, p. 20

³¹ *Ibid.*, p. 18

³² Santiago de la Voráxine (1982). *La leyenda dorada* (J. M. Macías, Trans.). Alianza Forma Editorial. (Traballo orixinal do s. XIII), p. 398

³³ Caucci von Saucken, P. G. (1984). *Op. Cit.*, p. 18

Segundo a *Legenda aurea*, a degolación de Santiago ficou o 25 de marzo, e o traslado do seu corpo a Compostela ocorreu tres meses despois, o 25 de xullo, data de celebración da liturxia xacobeá. Finalmente os seus restos foron enterrados o 30 de decembro no sepulcro galego³⁴. En realidade, na sede compostelá celebráronse o 25 de xullo, evocación do seu martirio e o 30 de decembro, a da súa *Translatio*.

2.1.2 *Translatio*

A *Translatio* conta como os discípulos de Santiago recolleron o corpo e a cabeza do apóstolo e, subidos a unha nave sen temón, pediron a Deus que os levase a onde este decidira que os restos do santo debían de ser sepultados. Este lugar eran as costas galegas, onde reinaba a raíña Lupa, coñecida comunmente pola súa maldade³⁵.

No momento no que o corpo do santo desembarcou e foi apoiado nunha gran pedra, esta converteuse inmediatamente no sarcófago que albergou o corpo de Santiago, e os discípulos dirixíronse á raíña para pedirlle que pola vontade de Xesús debía hospedar o corpo do santo morto nas súas terras³⁶. Lupa mandounos a xunto doutra autoridade monárquica máis alta sabendo que ían ser castigados e encarcerados, polo que apareceu un anxo que os liberou e fixo que a maior parte dos soldados que perseguían aos discípulos do santo percesen no derrubido dunha ponte³⁷.

Por mor destes feitos, ambos os dous soberanos concedéronlle o permiso, pero Lupa puxo unha condición: ordenoulles que dispuxeran o corpo do apóstolo nun carro tirado por bois, e así, onde estes parasen converteríase no lugar onde poderían enterralo³⁸. Esta proposta demostrou a maldade da raíña, que agochaba que en realidade os bois eran touros salvaxes, aos que os discípulos conseguiron domar e amansar, e que no monte situábase un gran dragón que cusplía lapas de fogo, o cal explotou cando estes lle fixeron a sinal da cruz.

³⁴ Santiago de la Vorágine (1982). *Op. Cit.*, p. 399

³⁵ *Ibidem*.

³⁶ *Ibid.*, p. 399

³⁷ Caucci von Saucken, P. G. (1984). *Op. Cit.*, p. 19

³⁸ *Ibidem*.

Finalmente, sen ningún tipo de guía, os bois portaron os restos do santo ata o medio do gran patio central da mansión rexia da raíña Lupa, quen, asombrada polos feitos, rematou por converterse ao cristianismo e por doar o seu palacio para así construír unha igrexa enriba del dedicada ao apóstolo³⁹.

2.2 Representacións iconográficas de Santiago o Maior

A figura de Santiago o Maior desenvolveu tres diferentes iconografías habituais na memoria colectiva e na representación das manifestacións artísticas, as cales correspóndense coa amplitude e a importancia do seu culto tanto como apóstolo coma peregrino, pero tamén coas lendas populares relacionadas coa devoción xacobeá desenvolvidas durante o proceso de Reconquista, que conduciron ao xurdimento da imaxe do santo como un cabaleiro cristiá, que mais tarde daría lugar á tipoloxía de Santiago Matamouros.

2.2.1 Apóstolo

Ao igual que na representación do santo como peregrino, a súa iconografía como apóstolo é das máis habituais no ámbito artístico cristiá ata finais da Idade Media⁴⁰ debido á fama adquirida co seu culto e pola devoción xacobeá existente. Esta iconografía foi a máis habitual do santo ata o século XII, cando xurdiron as representacións de peregrino e cabaleiro⁴¹.

Santiago Apóstolo acostuma a ser representado como un home de mediana idade, barbado e con cabelos longos que lle chegan aos ombreiros⁴², portando unha longa túnica

³⁹ Santiago de la Vorágine (1982). *Op. Cit.*, p. 400

⁴⁰ Carvajal González, H. (2015). Santiago Peregrino. *Revista Digital de Iconografía Medieval*, VII (14), 63-75, p. 64

⁴¹ Rodríguez, M. F. (2010). “Santiago apóstol”, en M. F. Rodríguez (ed.), *Gran Enciclopedia del Camino de Santiago, Diccionario de la Cultura Jacobea*. (Vol. 16). Ediciones Bolanda, Santiago de Compostela, p. 134

⁴² García Páramo, A. (1993). La iconografía de Santiago en la pintura gótica castellana. *Cuadernos de arte e iconografía*, VI (11), 92-97, p. 93

e cun libro ou rolo coa palabra de Deus nas mans, sendo así representado coma un máis do colexio apostólico⁴³.

A súa iconografía máis común é a que se amosa no parteluz do Pórtico da Gloria da catedral compostelá (Figura 1), a cal se repite e se estende por outros templos da Península e Francia, onde aparece sentado na cadeira apostólica, con túnica, descalzo e co báculo con forma de tau, referindo ao carácter apostólico e camiñante dos apóstolos de Cristo⁴⁴, e reflexando a súa autoridade como patrón e fundador da igrexa compostelá⁴⁵.

Ás veces, pode aparecer representado cunha coroa que refire ao seu martirio, ou cun sombreiro de peregrino decorado coa vieira que recorda á súa condición como camiñante e á dos que o veneran⁴⁶.

2.2.2 Peregrino

A iconografía do santo como peregrino consolídase a finais do século XIII ou inicios do XIV, e consegue desprazar progresivamente as representacións de Santiago o Maior como apóstolo, convivindo as dúas ata finais do século XVI⁴⁷.

A diferenza da iconografía representativa de Santiago Apóstolo, o peregrino caracterízase principalmente por ir calzado e levar unha túnica corta, portando zurrón, bordón e sombreiro decorado coa vieira que simbolizaba a peregrinación xacobeas. Ademais, acostuma a levar unha cabaza, onde os peregrinos portaban auga, e, en ocasións, un libro, que era símbolo da palabra de Deus e da chegada do santo a España⁴⁸. (Figura 2) A iconografía deste Santiago coincide coa vestimenta real dos peregrinos xacobeos, sendo plasmada no propio santo ao que veneraban⁴⁹, xa que ao comezo da devoción

⁴³ Rodríguez, M. F. (2010). “Santiago apóstol”, *Op. Cit.*, p. 134

⁴⁴ *Ibid.*, pp. 134-135

⁴⁵ García Iglesias, J. M. (2011). *Santiagos de Santiago: dos apóstolos al final del camino*. Alvarellos Editora, Santiago de Compostela, pp. 84-85

⁴⁶ *Ibid.*, pp. 87-89

⁴⁷ Carvajal González, H. (2015). *Op. Cit.*, p. 65

⁴⁸ *Ibid.*, p. 64

⁴⁹ Nodar Fernández, V. R. (2005). De Apóstol a Peregrino: La iconografía de Santiago en el Camino Inglés a Compostela. *Abrente: Boletín de la Real Academia Gallega de Bellas Artes de Nuestra Señora del Rosario*, (35-37), 103-116, p. 110

xacobeas, e ata o século XVI, derivaba do vestido dos camiñantes medievais, e despois, a súa representación foi evolucionando a medida que tamén ía cambiando a forma de vestir dos propios peregrinos⁵⁰.

En ocasións o bordón substituíase por un báculo abacial en forma de tau, como ocorría no Pórtico da Gloria⁵¹, ou por unha cruz de dobre traveseiro, a cal era símbolo do seu papel como primeiro arcebispo de España⁵².

2.2.3 Cabaleiro

A parte da imaxe de Santiago fillo de Zebedeo como apóstolo e peregrino, desenvólvese, a partir do século XII, a representación dun prodixioso cabaleiro que descende dos ceos en defensa dos cristiáns na loita pola reconquista da terra ocupada polos musulmáns, denominada como Santiago Cabaleiro⁵³.

Coa manifestación desta nova devoción xacobeas, xorde a lenda da aparición do apóstolo na batalla de Clavijo, situada baixo o reinado de Ramiro I de Asturias en torno ao ano 844, na que, antes de enfrontarse ás forzas musulmáns, o monarca invocara a protección de Santiago, o cal apareceuse durante a batalla sobre un cabalo branco e cunha espada ao carón dos cristiáns, levándoos á vitoria⁵⁴.

A primeira testemuña escrita desta faceta do santo foi recollida por primeira vez na *Historia Silense*, a cal presenta o milagre da intervención divina de Santiago co cabalo branco, a favor do rei Fernando I de León para recuperar a cidade portuguesa de Coimbra, que se atopaba en mans dos sarracenos no ano 1064⁵⁵. Máis tarde, o mesmo episodio foi narrado polo papa Calixto no segundo libro do *Codex Calixtinus*, no que o protagonista

⁵⁰ García Iglesias, J. M. (2011). *Op. Cit.*, p. 108

⁵¹ *Ibid.*, pp. 106-108

⁵² García Páramo, A. (1993). *Op. Cit.*, p. 93

⁵³ Caucci von Saucken, P. G. (1984). *Op. Cit.*, p. 28

⁵⁴ *Ibidem.*

⁵⁵ Rodríguez, M. F. (2010). “Historia Silense”, en M. F. Rodríguez (ed.), *Gran Enciclopedia del Camino de Santiago, Diccionario de la Cultura Jacobea*. (Vol. 9). Ediciones Bolanda, Santiago de Compostela, p. 165

era un prelado de orixe grega que recibiu a aparición do santo tras regañar a uns fieis que chamaban ao apóstolo “bo cabaleiro” e non pescador⁵⁶:

[...] E o santo home de Deus levando a mal que os aldeáns chamasen ao Apóstolo cabaleiro increpoulles dicindo: <<Aldeáns parvos, xente necia, a Santiago debes chamarlle pescador e non cabaleiro>>. [...] Pero na noite do mesmo día en que o home lembrara isto de Santiago, aparecéuselle el mesmo vestido de branquísimas roupas e non sen cinguir armas que sobresaían en brillo aos raios do sol, como un perfecto cabaleiro, e ademais con dúas chaves na man. E chamándoo tres veces faloulle así: <<Estevo, servo de Deus, que mandaches que non me chamasen cabaleiro, senón pescador; por iso aparézocheme desta forma, para que non dubides máis de que milito ao servizo de Deus e son o seu campión e na loita contra os sarracenos precedo aos cristiáns e salgo vencedor por eles. [...] E para que creas isto máis firmemente con estas chaves que teño na man abrirei mañá ás nove as portas da cidade de Coimbra que leva sete anos asediada por Fernando, rei dos cristiáns, e introducindo a estes nela devolvereilla ao seu poder>>. Dito isto desvaneceuse aos seus ollos. (*LSI*, Libro II, Capítulo XIX, pp. 373-374)⁵⁷.

Xurdiu, polo tanto, unha nova iconografía propia do santo cabaleiro, que máis tarde, a partir do século XV, no contexto da caída de Constantinopla, da culminación da conquista do reino nazarí, e da alerta constante contra o mundo musulmán, denominouse como Santiago Matamouros⁵⁸. Esta representación caracterízase pola aparición do santo sobre un cabalo branco, que suxeita cunha man a bandeira branca coa cruz vermella, e coa outra unha gran espada desenvaiñada⁵⁹. (Figura 3)

⁵⁶ D’Apruzzo, A. (2016). *Op. Cit.*, p. 45

⁵⁷ Tradución propia do texto orixinal.

⁵⁸ Barral Rivadulla, M. D. (2023). “Santiago miles-Santiago Matamoros. Caminos de su imagería en Galicia”, en Monteiro Arias, I. (coord.), *Almanzor y Carlomagno. El Camino de Santiago ante el islam en época medieval* (pp. 161-184). Ediciones Trea, Gijón, p. 174

⁵⁹ Caucci von Saucken, P. G. (1984). *Op. Cit.*, p. 28

3. O culto a Santiago o Maior en Compostela

A lenda e a devoción polo apóstolo sobrepoñense para crear un lugar sagrado acorde ás necesidades dos fieis, e no caso de Santiago, o mito da súa orixe reside no século IX, na *inventio* do seu sepulcro⁶⁰, e de dous dos seus discípulos chamados Teodoro e Atanasio⁶¹, en Compostela. Este descubrimento foi recollido por primeira vez nunha *narratio* incluída na *Concordia de Antealtares* do ano 1077⁶²:

No ano 813 o ermitán Paio, dicía os oficios sagrados aos poboadores próximos á Igrexa de San Fiz de Solovío preto de Amaía nun lugar chamado “*Liberum Donum*”, Libredón, cando en días sucesivos viu brillar unha estela sobre un alto carballo no medio do bosque, no momento de achegarse ao lugar escoitou cánticos espirituais. Paio comunicou os feitos ao bispo de Iría Flavia, Teodomiro, onde pertencía ese territorio, o bispo acudiu acompañado doutros sacerdotes comprobando o suceso, cortouse a maleza ata chegar a unha cova na que había un enterramento romano coas tumbas que atribuíron ao Apóstolo Santiago e aos seus discípulos. Posteriormente o bispo comunicou o achado ao rei Asturiano Alfonso II o Casto quen chegou a Libredón para observar o feito, ordenando que se construíse unha igrexa sobre o mesmo sitio do achado, consideróuselle a primeira Catedral, á que doou unha superficie de tres millas ao seu redor. Este descubrimento púxose en coñecemento do Papa León III, quen o fixo coñecer á humanidade mediante unha bula, ao mesmo tempo comunicouse ao emperador de Europa Carlomagno (788-816) na súa sede de Aquisgrán. (*Concordia de Antealtares*, 1077)⁶³.

⁶⁰ Lopez, L. (2012). *Op. Cit.*, p. 81

⁶¹ García Iglesias, J. M. (2011). *Op. Cit.*, p. 14

⁶² Rodríguez, M. F. (2010). “Concordia de Antealtares”, en M. F. Rodríguez (ed.), *Gran Enciclopedia del Camino de Santiago, Diccionario de la Cultura Jacobea*. (Vol. 5). Ediciones Bolanda, Santiago de Compostela, p. 166

⁶³ Tradución propia do texto orixinal.

Recóllense tamén diferentes versións da chamada *inventio* noutras fontes medievas, coñecidas coma o *Cronicón Iriense* (finais do s. XI), a primeira parte da *Historia Compostelá* (ca. 1110) e o cartulario nomeado como Tombo A (ca. 1129)⁶⁴.

Ademais, na *Historia Turpini* do *Codex Calixtinus*, nárrese por primeira vez, de xeito previo á *inventio*, a presenza da tumba do apóstolo en Galicia, mediante a descrición dun soño do emperador Carlomagno, que viaxaba dende Roncesvalles ata Galicia⁶⁵:

E enseguida viu no ceo (Carlomagno) un camiño de estrelas que empezaba no mar de Frisia e, estendéndose entre Alemaña e Italia, entre Galia e Aquitania, pasaba directamente por Gascuña, Vasconia, Navarra e España ata Galicia, onde entón se ocultaba, descoñecido, o corpo de Santiago. [...] E mentres con gran interese pensaba isto, un cabaleiro de aparencia espléndida e moito máis fermosa do que pode dicirse, aparecéuselle nun soño durante a noite, dicíndolle: [...] Eu son – contestou- Santiago apóstolo, discípulo de Cristo [...] O camiño de estrelas que viches no ceo significa que desde estas terras ata Galicia has de ir cun gran exército a combater ás pérfidas xentes pagás, e a liberar o meu camiño e a miña terra, e a visitar a miña basílica e sartego. E despois de ti irán alí peregrinando todos os pobos, de mar a mar, pedindo o perdón dos seus pecados e pregoando os encomios do Señor, as súas virtudes e as marabillas que obrou. E en verdade que irán desde os teus tempos ata o fin da presente idade. (*LSI*, Libro IV, Capítulo I, pp. 411-412)⁶⁶.

Aínda con pequenas variantes, causadas pola expansión do culto ao apóstolo e da necesidade dunha sede episcopal na cidade, estas fontes sempre remiten ao mesmo nacemento do culto xacobeo en Compostela baixo os reinados de Teodomiro e Alfonso

⁶⁴ López Alsina, F. (1994). “La invención del sepulcro de Santiago y la difusión del culto jacobeo”, en *El Camino de Santiago y la Articulación del Espacio Hispánico* (pp. 59-83). Gobierno de Navarra, Pamplona, p. 65

⁶⁵ Lopez, L. (2012). *Op. Cit.*, p. 82

⁶⁶ Tradución propia do texto orixinal.

II⁶⁷, e é a partir deste momento, coa creación da nova igrexa románica que alberga os restos do apóstolo, cando comeza o fenómeno da peregrinación a Santiago de Compostela.

Desta maneira, o feito da *inventio* converteuse no factor elemental da expansión do culto xacobeo, xa que se expuso coma unha nova posibilidade de peregrinar ao sepulcro dun dos apóstolos de Occidente⁶⁸, e polo tanto, conlevou tamén, á creación de novos santuarios dedicados a Santiago o Maior para aqueles que non puideran viaxar ata Compostela⁶⁹, pero quixeran renderlle culto ao apóstolo. Por este motivo, en tempos do arcebispo Xelmírez, enviáronse a distintos sitios unha serie de reliquias corporais que tiñan como obxectivo realzar o culto apostólico⁷⁰. Exemplo disto atópase no caso que se tratará no presente traballo co legado da cidade toscana de Pistoia.

4. A peregrinación dende Italia

A peregrinación á tumba do apóstolo Santiago iniciouse enseguida, despois do descubrimento dos seus restos, polo que Compostela comezou a crecer en torno aos camiños de entrada á cidade ao mesmo tempo que se expandiu con moita rapidez a construción de hospitais para peregrinos ao longo das diversas vías que levaban cara Compostela, facilitando así, a rapidez da difusión do fenómeno por todo o mundo⁷¹.

No caso de Italia, as súas etapas máis esenciais xa eran coñecidas en Santiago de Compostela dende inicios do século XII, como é recollido no Capítulo XVII, do Libro I do *Codex Calixtinus*⁷²: “Hainos quen procuran que os seus servos aprendan estes enganos, e envíanos a [...], a Piacenza, a Lucca, a Roma, a Bari e a Barletta.” (*LSI*, Libro I, Capítulo XVII, p. 212)⁷³.

⁶⁷ *Ibid.*, p. 79

⁶⁸ *Ibid.*, p. 82

⁶⁹ *Ibid.*, p. 84

⁷⁰ García Iglesias, J. M. (2011). *Op. Cit.*, p. 17

⁷¹ Caucci von Saucken, P. G. (1984). *Op. Cit.*, p. 77

⁷² Gai, L. (1988). *Op. Cit.*, p. 37

⁷³ Tradución propia do texto orixinal.

Os peregrinos italianos que querían dirixirse a Compostela utilizaban as principais vías preexistentes e contribuían á construción doutras novas rutas que se achegaban máis aos novos santuarios e hospedaxes próximos ás estradas⁷⁴, buscando unha maior comodidade e visita a centros de espiritualidade xurdidos ao longo da súa peregrinación.

Estas rutas estaban condicionadas pola estrutura morfolóxica da xeografía terrestre e orientábanse no sentido do curso da auga, aínda que tomando sempre coma referencia unidireccional, ás cidades ou os centros de maior forza expansiva⁷⁵.

É na *Historia Compostelá*, onde se refire por primeira vez a un peregrino italiano en Santiago. Este acudiu a Compostela dende Roma no ano 1121 para expresar unha recomendación do papa Calisto ao bispo Xelmírez⁷⁶ trala súa solución ás tensións existentes entre a sede papal de Roma e Santiago pola hexemonía da “capital” da confesión católica⁷⁷: “Este fiel soldado noso tiña o desexo de visitar ao benaventurado Santiago Apóstolo.” (*Historia Compostelá*, ca. 1110)⁷⁸.

Fálase tamén dos primeiros fieis xacobeos que chegaban a Compostela dende Italia na *Acta Sanctorum* e na biografía dalgúns santos⁷⁹. Exemplo é o de san Guillermo de Vercelli, que se pensa que no século XI peregrinou descalzo ata Santiago de Compostela con tan só quince anos, e que xunto con san Theobaldo de Mondovi, foi o primeiro santo italiano en chegar á catedral compostelá⁸⁰.

A maior parte de peregrinos italianos foron rexistrados na literatura odepórica de época renacentista, xa que estes recompilaban as testemuñas das súas experiencias nas peregrinacións xacobeas a Compostela en forma de literatura de viaxes. O maior exemplo deste tipo de peregrinos odepóricos, é o de Domenico Laffi, un clérigo bolognés que peregrinou un total de catro veces a Santiago de Compostela e a Fisterra, co obxectivo de

⁷⁴ *Ibidem*.

⁷⁵ *Ibidem*.

⁷⁶ Caucci von Saucken, P. G. (1984). *Op. Cit.*, p. 78

⁷⁷ Outeiral Brión, S. (2010). “Italia”, en M. F. Rodríguez (ed.), *Gran Enciclopedia del Camino de Santiago, Diccionario de la Cultura Jacobea*. (Vol. 10). Ediciones Bolanda, Santiago de Compostela, p. 185

⁷⁸ Tradución propia do texto orixinal.

⁷⁹ Caucci von Saucken, P. G. (1984). *Op. Cit.*, p. 79

⁸⁰ Iglesias Villaverde, X. (2010). “Guillermo de Vercelli, San”, en M. F. Rodríguez (ed.), *Gran Enciclopedia del Camino de Santiago, Diccionario de la Cultura Jacobea*. (Vol. 9). Ediciones Bolanda, Santiago de Compostela, p. 120

ver e coñecer novos lugares, e de seguir a súa motivación pola devoción cristiá que o acompañaba⁸¹. Na súa segunda viaxe, realizada no ano 1670, escribiu *Viaggio in Ponente a San Giacomo di Galitia e Finisterre per Francia e Spagna*, onde narrou detidamente os detalles do seu periplo, da hospitalidade recibida ao longo deste, e onde retratou o itinerario seguido polo mesmo. Ademais, esta obra destacou por ser unha das máis extensas no referido á peregrinación polo culto xacobeo, e foi publicada en Bolonia no ano 1673⁸².

É coñecido que o século XII foi o de maior devoción xacobeá en Italia, especialmente na cidade toscana de Pistoia, na que a peregrinación a Compostela foi tan frecuente que se chegou a establecer unha correspondencia entre o bispo da cidade, Atto, e o arcebispo Diego Xelmírez⁸³. Neste momento foi cando se comezaron a fundar o maior número de igrexas dedicadas ao culto do apóstolo, cando se realizaron novos hospedaxes, e cando se anexionaron aos templos relixiosos hospitais para peregrinos. Toda esta nova infraestrutura constituíuse o máis preto posible das principais vías que conducían a Galicia ao longo do Camiño de Santiago, como un feito favorable á peregrinación ao sepulcro do santo⁸⁴.

O quinto libro do *Codex Calixtinus*, coñecido popularmente como *Guía do Peregrino*, tivo unha clara influencia á hora de establecer e fixar as rutas xacobeas de peregrinación dende Francia ata Compostela, e foi unha das fontes máis completas de información acerca do *Iter Sancti Jacobi*, ou Camiño de Santiago:

Son catro os camiños a Santiago que en Puente la Reina, xa en terras de España, reúnen nun só. Vai un por Saint-Gilles, Montpellier, Toulouse e o Somport; pasa outro por Santa María del Puy, Santa Fe de Conques e San Pedro de Moisaac; un terceiro diríxese alí por Santa María de Vézelay, por San Leonardo de Limoges e pola cidade de Périgueux; marcha o último por San Martín de Tours, San Hilario de Poitiers, San

⁸¹ Outeiral Brión, S. (2010). *Op. Cit.*, p. 189

⁸² *Ibidem*.

⁸³ Caucci von Saucken, P. G. (1984). *Op. Cit.*, p. 80

⁸⁴ *Ibidem*.

Juan d'Angély, San Eutropio de Saintes e Burdeos. O que vai por Santa Fe e o de San Leonardo e o de San Martín reúnense en Ostabat e, pasado por Port de Cize, en Puente la Reina únense ao camiño que atravesa o Somport e desde alí forman un solo camiño ata Santiago. (*LSI*, Libro V, Capítulo I, pp. 523-524)⁸⁵.

En Italia xorde a partir do século X, a coñecida actualmente como vía Francíxena, que permitía a unión e a fácil inserción dos peregrinos italianos ás catro vías xa nomeadas no *Codex Calixtinus*: a vía Tolosana, que pasaba por Toulouse; a vía Podense, que partía do santuario de Nôtre Dame de Puy; a vía Lemovicense, que atravesaba Limoges; e a vía Turonense, que debe o seu nome á cidade de Tours⁸⁶. Adeline Rucquoi considera que realmente tan só existían dúas rutas a Santiago, a Tolosana e a Turonense, e as outras dúas referían a santuarios con reliquias importantes que non chegaban a configurar un trazado ata Compostela⁸⁷.

Esta vía Francíxena, vinculada ao camiño arlesiano ou tolosano, constituíu, ao longo de todo o Medievo, o eixo principal de comunicación entre Italia e Francia como vía natural para o peregrino xacobeo⁸⁸.

A Francíxena orixinouse a partir da denominada vía Romea, que consistía nun sistema de camiños que atravesaba Europa de norte a sur ata unha das principais metas de peregrinacións cristiás, Roma. Este camiño cambiou o seu nome cando foi recorrido tomando a cidade de Roma como punto de saída e non só como meta final do camiño⁸⁹, unindo así, os grandes centros de espiritualidade cun dobre recorrido, que tiña coma finalidade alcanzar a Catedral Compostelá ou a basílica de San Pietro do Vaticano⁹⁰, ademais de permitir a súa unión co Santo Sepulcro de Xerusalén, sendo Italia, deste xeito,

⁸⁵ Tradución propia do texto orixinal.

⁸⁶ Lopez, L. (2012). *Op. Cit.*, pp. 213-214

⁸⁷ Rucquoi, A. (2019). The Way of Saint James: A sacred space?. *International Journal of Religious Tourism and Pilgrimage*, 7(5), 41-47, p. 46

⁸⁸ Caucci von Saucken, P. G. (1984). *Op. Cit.*, p. 69

⁸⁹ Lopez, L. (2012). *Op. Cit.*, pp. 217

⁹⁰ Outeiral Brión, S. (2010). *Op. Cit.*, p. 186

un punto de encontro obrigatorio entre os itinerarios italianos cara Compostela e os que chegaban a Terra Santa⁹¹.

En realidade, a vía Francíxena non era outra cousa que a vía Romea cambiada de dirección, e a suma de todo o sistema de camiños (vía Emilia, vía Cassia, vía Apia, vía Apia-Trajana...)⁹² que desembocaban nela, os cales foran emprazados na Alta Idade Media sobre a antiga estrutura viaria romana⁹³.

Os peregrinos italianos que camiñaban ata Santiago cunha intención espiritual, acostumaban a tomar a vía Francíxena e, unha vez superados os Alpes, enlazábanse coa vía Tolosana continuando polo denominado Camiño ata o sepulcro do apóstolo, conformando así, o definido polo experto italiano en estudos xacobeos, Paolo Caucci von Saucken, como “Camiño Italiano a Santiago”⁹⁴.

Este Camiño Italiano partía, en dirección Norte, dende Roma e continuaba cara Viterbo, Siena e Lucca, creando un tramo de vía interna que pasaba polos Apeninos, o Monte Bondone a través de Fidenza, Piacenza e Pavia, e polos Alpes no Gran San Bernardo. A maior parte dos peregrinos italianos dirixíanse ata Piacenza, seguindo a antiga vía Romea⁹⁵, e alí tomaban camiño cara Milano ou Torino para poder atravesar os Alpes no último tramado chamado Vía dos Alpes, no paso do Monginevro, e unirse, finalmente, con algunha das vías francesas do Camiño, especialmente coa Tolosana⁹⁶, que actuaba coma a súa prolongación⁹⁷. (Figura 4)

A peregrinación italiana a Compostela podía realizarse tamén en barco unha vez fora percorrida a vía Francíxena dende Roma ata o porto de Luni, para despois

⁹¹ Stopani, R. (1995). “La via Francigena: <<Camino>> italiano per Compostela e punto d’incontro degli itinerari delle <<peregrinationes maiores>>”, en *Actas del Congreso de Estudios Jacobeos, Santiago de Compostela, 4 al 6 de noviembre de 1993* (pp. 665-672). Santiago de Compostela, Dirección Xeral de Promoción do Camiño de Santiago, p. 665

⁹² Lopez, L. (2012). *Op. Cit.*, p. 219

⁹³ Gai, L. (2003). “El Camino Italiano de Santiago”, en Caucci von Saucken, P. G. (ed.), *Santiago. La Europa del Peregrinaje* (pp. 299-319). Lunewerg, Barcelona, p. 300

⁹⁴ Caucci von Saucken, P. G. (1984). *Op. Cit.*, p. 75

⁹⁵ Gai, L. (2003). *Op. Cit.*, p. 299

⁹⁶ Lopez, L. (2012). *Op. Cit.*, p. 217

⁹⁷ Stopani, R. (2001). *Il <<Camino >> Italiano per Santiago de Compostela. Le fonti itineraria di età medievale*. Le Lettere, Firenze, p.23

desembarcar na vila francesa de Aigues Mortes, e emprender o Camiño pola vía Tolosana en Montpellier ata Santiago⁹⁸. Estas peregrinacións marítimas foron referenciadas nalgunhas obras literarias, como é o caso do *Libro do Rei Ruggero*, escrito a metade do século XII polo xeógrafo chamado Al-Idrisi, onde expoñía con exactitude a ruta costeira que partía de Luni e paraba en Genova, Savona, Albenga, Hyères e Marsella⁹⁹. (Figura 5)

A vía marítima modificouse no século XIV ao cambiar o novo punto de partida da ruta ao porto costeiro de Pisa, facéndoo así coincidir co destinado á peregrinación a Terra Santa, e coincidindo cun novo cambio da ruta terrestre coa anexión de Firenze á vía Francíxena, e a conseguinte creación dun novo camiño alternativo chamado “ruta rexia romana”¹⁰⁰. Finalmente, o porto de Pisa foi substituído polo de Livorno coma lugar de embarque de peregrinos xacobeos ao comezo da Idade Moderna¹⁰¹.

O proceso evolutivo da vía Francíxena desenrolado no século XIV no territorio da Toscana contou con outras modificacións, as cales coincidiron coa expansión da fama polo culto a Santiago o Maior na cidade de Pistoia¹⁰². Este feito provocou a anexión á ruta da “*vía Francesca della Sambuca*”, que partía da cidade toscana para chegar ata o territorio bolognés cruzando os Apeninos toscano-emilianos, e así volver a retomar a ruta da vía orixinal que se dirixía cara o norte de Italia e encamiñarse cara Compostela¹⁰³.

A creación deste novo camiño provocou que moitos dos peregrinos que partían cara Santiago de Compostela seguindo a ruta Francíxena, ou aqueles que se dirixían a Roma, tomaran o desvío para pararse en Pistoia a venerar ao santo, aumentando así a fama da cidade e o influxo de peregrinos xacobeos ao ser esta unha nova meta de peregrinación en Italia, que chegou a ser considerada baixo a expresión de “Compostela Italiana”¹⁰⁴. Deste xeito, a cidade e todo o territorio entorno a ela conseguiron o trazado dunha verdadeira e propia *via peregrinalis*, representada polos hospicios dedicados ao apóstolo Santiago o Maior, e pola presenza de topónimos como “Giaccherino”, que se

⁹⁸ *Ibidem*.

⁹⁹ *Ibid.*, p. 22

¹⁰⁰ Lopez, L. (2012). *Op. Cit.*, p. 220

¹⁰¹ *Ibidem*.

¹⁰² Gai, L. (1988). *Op. Cit.*, p. 38

¹⁰³ *Ibidem*.

¹⁰⁴ D’Apruzzo, A. (2019). *Op. Cit.*, p. 11

atopa ao oeste da cidade sendo o lugar dende onde se pode apreciar a primeira visión de Pistoia dende a vía Francíxena¹⁰⁵.

5. De Santiago a Pistoia

A finais do século XII, a cidade toscana de Pistoia era xa considerada o centro de culto do apóstolo Santiago en Italia ao posuír a única reliquia auténtica do santo¹⁰⁶. Este feito aparece recollido nun dos manuscritos conservados no *Archivio di Stato di Pistoia*, e correspóndese cunha copia de finais do século XV dun dos “*dous libros de legenda sancti Iacobi apostoli*”, os cales constituían, a inicios do século XIII, o primeiro documento haxiográfico xacobeo escrito en Pistoia¹⁰⁷: “A capela de Santiago foi construída no ano 1145 [...] o señor bispo Atto consagrou con gran devoción [...] o altar de Santiago, o 25 de xullo, o mesmo día da festividade do apóstolo.” (*Dous libros de legenda sancti Iacobi apostoli*, s. XV)

O culto a Santiago o Maior, polo tanto, iniciouse oficialmente en Pistoia o 25 de xullo do 1145, e xunto coa importante devoción xacobeá, a anexión da “vía Francesca della Sambuca” á preexistente vía Francíxena, e a consagración do altar maior de prata que custodiaba a reliquia do santo, en poucos anos, fixeron que o apóstolo Santiago convertérase no patrón da cidade ata hoxe en día, e esta, foi considerada como a “*Piccola Compostela*”, establecendo así un novo centro de peregrinación cristiá xacobeo.

¹⁰⁵ Gai, L. (1984). “Testimonianze jacobee e riferimenti compostellani nella storia di Pistoia dei secoli XII-XIII”, en *Atti del Convegno Internazionali di Studi. Pistoia e il Cammino di Santiago: Una dimensione europea nella Toscana medioevale*, Pistoia 28-30 settembre, 1984 (pp. 119-230). Edizioni Scientifiche Italiane, p. 189

¹⁰⁶ *Ibid.*, pp. 119-120

¹⁰⁷ D’Apruzzo, A. (2016). *Op. Cit.*, p. 48

5.1 O culto a Santiago na cidade de Pistoia

Segundo unha tradición recuperada polos historiadores pistoienses, o culto a Santiago na cidade toscana de Pistoia iniciouse pouco despois da batalla do Clavijo¹⁰⁸ e moito antes da chegada da reliquia santiaguesa:

Transcorrendo o ano 849, chegaron os Sarracenos a Italia, e habendo atravesado todo o Lacio, conducíronse ata as murallas de Roma, o cal foi oído polos de Pistoia, que se aflixiron moito temendo fortemente algún grave dano ou cruel invasión á súa cidade; era ben coñecido que nos anos pasados, é dicir, no 820, o Rei Ramiro de España combateu aos mesmos Sarracenos, e apareceu á vista de todos os Católicos, Santiago o Maior, Apóstolo de Cristo, cunha Cruz vermella na bandeira e no peito, cuberto de armas brillantes, e sobre un cabalo branco, prometéndolle a el, que el mesmo, combatendo ao seu favor, daríalle, contra esta bárbara Nación, unha gloriosa Vitoria, (aínda que despois sucedeu, que España invocou e recibiu este Santo como o seu particular Protector) os Pistoenses conmovidos por tal exemplo, pensaron en recorrer a protección do mesmo Santo, e deste modo convocárono con viva fe e recibírono para a súa Protección, con solemnísimas Festas e procesións, unha Igrexa en honor e gloria a el, na Fortezza del Castellare, fabricarona, e a súa Cidade quedou liberada tanto do perigo como do temor. (Salvi, 1656, pp. 37-38)¹⁰⁹.

A orixe do culto, segundo a tradición, está ligada directamente á imaxe de Santiago coma cabaleiro protector dos cristiáns na loita contra os sarracenos, os cales, xunto aos normandos, invadiron toda a costa toscana ao longo dos séculos IX e X, recoñecendo que as preocupacións populares do momento non eran tan só imaxinarias¹¹⁰.

¹⁰⁸ Caucci von Saucken, P. G. (1984). *Op. Cit.*, p. 175

¹⁰⁹ Salvi, M. (1656). *Delle historie di Pistoia e fazioni d'Italia*. (Tomo I). Roma, p. 37-38. Tradución propia do texto orixinal.

¹¹⁰ Caucci von Saucken, P. G. (1984). *Op. Cit.*, pp. 175-176

A testemuña máis fiable da antigüidade do culto a Santiago en Pistoia é de orixe “militar”, e correspóndese principalmente coa pequena igrexa dedicada ao santo, que aínda subsiste, e que foi edificada sobre as paredes da fortaleza máis interna da cidade, chamada *San Jacopo in Castellare*¹¹¹. (Figura 6) A súa data de fundación non é concreta, pero considérase que pode ser posterior ao século X a causa das pinturas murais da nave central, de características arcaicas e atribuídas a este século (Figura 7), e debido á súa localización estratéxica no castelo da cidade, como ben recolle o seu nome (*castellare*), que tiña unha función de protección contra ás incursións sarracenas¹¹².

Polo tanto, pódese afirmar que o culto a Santiago como cabaleiro celestial e guerreiro protector dos cristiáns na súa loita contra os infieis, precede en Pistoia ao culto de Santiago apóstolo e Santiago peregrino, os cales adoptáronse na cidade a partir da segunda metade do século XI¹¹³.

O proceso de adaptación destas novas iconografías xacobeas en Pistoia será lento e progresivo, e rematará de concretarse durante o bispado de san Atto¹¹⁴, coa chegada dunha reliquia do propio santo e dunha copia do *Codex Calixtinus* á cidade toscana no ano 1144, e coa consagración do culto oficial a Santiago o Maior no ano seguinte.

A concesión da reliquia levouse a cabo debido a que, durante eses anos, atopábase entre os cóngos da cidade de Santiago de Compostela, un clérigo de orixe pistoiense chamado Ranieri, que ocupaba o cargo de *scholae magister* na Igrexa compostelá¹¹⁵, e que fora fillo espiritual de Atto e diácono da Igrexa pistoiense. Foi debido á súa gran influencia na vida eclesiástica e a súa dignidade honorífica, o encargado de manter unha mediación autorizada co prelado e o cabido da Igrexa de Compostela para conseguir unha reliquia do Santo Apóstolo para Pistoia¹¹⁶.

¹¹¹ *Ibid.*, p. 176

¹¹² Ferrali, S. (1979). *L’apostolo S. Jacopo il Maggiore e il suo culto a Pistoia: (con documenti in parti inediti)*. Opera dei santi Giovanni e Zeno, Fabbriceria della Cattedrale, Pistoia, p. 13

¹¹³ Caucci von Saucken, P. G. (1984). *Op. Cit.*, p. 176

¹¹⁴ *Ibidem*.

¹¹⁵ Caucci von Saucken, P. G. (1984). *Op. Cit.*, pp. 176-177

¹¹⁶ Ferrali, S. (1979). *Op. Cit.*, p. 15

Finalmente, despois de moitos esforzos, o un de xullo do 1144¹¹⁷, un óso do cranio do santo¹¹⁸ foi enviado a través de dous pistoienses de nome Mediovillano, <<prudentissimo viro>> (“un home moi sabio”) e Teobaldo <<eius avuncolo>> (“o seu tío”), que a levaron ao seu destino¹¹⁹, xunto a unha carta do bispo compostelá Diego Xelmírez, na que se garantía a súa autenticidade¹²⁰. Unha vez chegada á cidade de Pistoia, foi colocada nun altar construído expresamente dentro da súa catedral¹²¹.

A historia da reliquia aparece conservada nun códice da *Opera di San Jacopo*, datable despois da metade do século XII e inicios do XIII que, baixo o título de *Memorie della reliquia di San Jacopo e dei miracolosi successi*, reflexa a correspondencia entre san Atto e Ranieri, as cartas de Xelmírez, o proceso do transporte das reliquias e dos milagres sucedidos durante o traxecto, a historia do apóstolo dende o martirio ata a chegada do seu corpo a Galicia, e un *breve* de Euxenio III (22 novembro 1145), onde se conceden algunhas indulxencias a quen visitaba a santa reliquia en Pistoia¹²².

Con todo, existen razóns fundamentadas que fan crer que esta tradición da reliquia xacobeá, é o resultado dun proxecto político implementado polo bispo Atto¹²³ para resolver os problemas existentes entre a diocese e o municipio coa xestión dos inmobles da catedral¹²⁴.

No caso da correspondencia entre o bispo Atto e Xelmírez, a última carta enviada que fai referencia á chegada da reliquia dátase necesariamente antes do 6 de abril do ano 1140¹²⁵, xa que este correspóndese co día do falecemento do arcebispo compostelán, creando así, un intervalo de catro ou cinco anos entre a chegada da reliquia e a consagración do altar no interior da catedral¹²⁶. Tamén, no caso compostelán, aparecen

¹¹⁷ Caucci von Saucken, P. G. (1984). *Op. Cit.*, p. 177

¹¹⁸ *Ibidem*.

¹¹⁹ Ferrali, S. (1979). *Op. Cit.*, p. 15

¹²⁰ Caucci von Saucken, P. G. (1984). *Op. Cit.*, p. 177

¹²¹ Ferrali, S. (1979). *Op. Cit.*, p. 15

¹²² Caucci von Saucken, P. G. (1984). *Op. Cit.*, p. 178

¹²³ D’Apruzzo, A. (2016). *Op. Cit.*, p. 51

¹²⁴ D’Apruzzo, A. (2017). The Influence of Pilgrimage Routes on Local Culture and Imagination: the “Italian Compostela” as a Case Study. *Almatourism, Journal of Tourism, Culture and Territorial Development*, (16), 59-79, p. 61

¹²⁵ Gai, L. (1984). *Op. Cit.*, p. 142

¹²⁶ D’Apruzzo, A. (2016). *Op. Cit.*, p. 51

dúas razóns fundamentadas que conforman que, a xa citada correspondencia e a chegada das reliquias á cidade toscana, eran falsas¹²⁷. Ao redor do ano 1105, o arcebispo Xelmírez levou acabo, no interior da catedral de Santiago, unha serie de reformas que afectaron de xeito directo ao sepulcro do apóstolo e dos seus discípulos Teodoro e Atanasio, quedando completamente selado, e coa construción dun novo altar sobre el que impedía o acceso ao habitáculo sepulcral¹²⁸. Ademais, o *Codex Calixtinus*, escrito nas mesmas datas que a suposta chegada da reliquia a Pistoia, exprésase con rotundidade acerca da situación das reliquias do santo fora da cidade de Santiago¹²⁹:

Na referida e venerable catedral xace honoríficamente segundo dise o venerado corpo de Santiago, gardado nun arca de mármore, nun excelente sepulcro abovedado, traballado admirablemente e de conveniente amplitude, baixo o altar maior, que se levanta na súa honra. E tamén considérase que este corpo é inamovible, segundo a testemuña de San Teodomiro, bispo da mesma cidade, quen en outro tempo descubriuno e de ningún xeito puido movelo. Ruborícense os envexosos trasmontanos, que din posuír algo del ou reliquias súas. (*LSI*, Libro V, Capítulo IX, pp. 593-593)¹³⁰.

O ano 1138 foi un momento moi complicado para a diocese Pistoiese a causa da excomuñón dos cónsules da cidade, e para o bispo Atto, que xa non era capaz de xestionar a situación da igrexa¹³¹, polo que, entre os anos 1138 e 1143, este decidiu viaxar á cidade de Roma para consultarlle ao pontífice Inocencio II sobre a súa situación, dando forma, probablemente nese momento, ao gran proxecto xacobeo da cidade de Pistoia¹³².

Á situación de Atto foi moi influída pola próxima aparición do corpo de san Petronio o 4 de outubro de 1141 na cidade de Bologna, a posterior construción do altar na igrexa de Santo Stefano, e a conseguinte corrente de peregrinación á cidade; e tamén

¹²⁷ *Ibid.*, p.52

¹²⁸ Gai, L. (1984). *Op. Cit.*, p. 147

¹²⁹ D'Apruzzo, A. (2016). *Op. Cit.*, p. 52

¹³⁰ Tradución propia do texto orixinal.

¹³¹ Gai, L. (1984). *Op. Cit.*, p. 142

¹³² D'Apruzzo, A. (2016). *Op. Cit.*, p. 52

foi beneficiada pola relación existente entre Inocencio II e Xelmírez, a cal impulsou á redacción da suposta correspondencia entre o arcebispo e Atto¹³³. Sábese que nos anos 1130 e 1134, Inocencio II escribiulle a Xelmírez para darlle as gracias, probablemente tamén pola copia do fragmento do *Codex* enviada á cidade, a cal foi probada como existente no propio texto do *Liber Sancti Iacobi*¹³⁴:

Pero habemos de dicir que sucedeu no noso tempo a certo peregrino de Santiago respecto do libro desta translación. Certo clérigo coñecido meu, devoto e peregrino de Santiago, querendo levar consigo á súa patria esta translación con algúns outros milagres do Apóstolo, encargou na mesma cidade de Santiago que llos escribise a un copista chamado Fernando e pagou como prezo vinte Rotomagenses. E como el, despois de pagar o prezo e recibir a copia, puxérase a lelo en voz baixa arrincoado nun ángulo da basílica apostólica, encontrou na súa faltriqueira tantas moedas como ao copista dera; e non creu que mortal algún llas puxese alí, senón que o fixo o Apóstolo milagrosamente. Polo cal se cre que o santo Apóstolo é xenerosísimo remunerador mediante grazas celestiais, debido a que tan pronto remunerou ao seu servo coas terras. (*LSI*, Libro III, Prólogo, p. 386)¹³⁵.

Deste xeito, o bispo Atto, na circunstancia do precedente bolognés, o apoio do papa Inocencio II e os textos haxiográficos sobre os que consolidar unha devoción, foi capaz de dar unha nova visión á diocese de Pistoia, e solucionar os conflitos internos da cidade¹³⁶, ademais de impulsar un novo culto ao apóstolo Santiago e unha tradición de herdanza xacobeá que tomou moita forza nos anos posteriores á consagración do altar do interior da catedral pistoiense.

Este impulso do culto comprobouse anos despois da morte do bispo Atto na onomástica da cidade. A lingua italiana moderna nomea ao apóstolo preferentemente

¹³³ *Ibid.*, p. 53

¹³⁴ *Ibid.*, pp. 53-54

¹³⁵ Tradución propia do texto orixinal.

¹³⁶ *Ibid.*, p. 54

como *Giacomo*, utilizando o nome habitual de persoa, que italianiza ao inglés *James*, pero os toscanos, particularmente os pistoienses, conservan aínda o nome *Jacopo*, que se corresponde exactamente co latín *Jacobus* e co grego *Iacobos*¹³⁷, ademais das súas variantes (*Jacobus*, *Jacopus*, *Jacomus*, *Jacobinus*). Antes da chegada da reliquia recolleuse por primeira e única vez unha carta escrita en febreiro do 1126 que incluía a forma *Jacobinus*, e non foi ata a chegada da mesma, cando volve a reaparecer, neste caso reflexado no *Liber Censuum Communis Pistorii*, onde se atopa en todas as súas formas un total de 732 veces entre esta data e o ano 1510¹³⁸, reflectindo así, a influencia do culto xacobeo na comunidade pistoiense tras a consagración do culto ao santo na cidade.

5.1.1 *Opera di San Jacopo*

A institucionalización do culto xacobeo confirmouse pouco despois da chegada das reliquias do apóstolo Santiago a Pistoia e de que este tomase sede na capela dedicada ao mesmo na catedral da cidade, coincidindo co momento no que se consolidou a coñecida como *Opera di San Jacopo*¹³⁹.

Como consecuencia directa da devoción a Santiago na cidade toscana, comezaron a chegar multitude de doazóns, ofrendas e ex votos, que pronto conformaron un importante patrimonio que foi necesario administrar¹⁴⁰. Esta tarefa foi levada a cabo pola *Opera*, a cal se ocupaba do mantemento da capela do santo, e estaba conformada polos *Operai*, que debido a importancia e a autoridade do cargo, chegaron a ser considerados como o segundo poder xudicial da cidade¹⁴¹.

Os *Operai* eran deputados dos cidadás laicos que eran elixidos anualmente polo Consello do Pobo¹⁴², xa que a Capela do santo fora subtraída da intervención do bispo e do cabido da catedral, e polo tanto, estivo financiada dende a súa fundación polo

¹³⁷ Ferrali, S. (1979). *Op. Cit.*, p. 5

¹³⁸ *Ibid.*, p. 11

¹³⁹ *Ibid.*, p. 99

¹⁴⁰ Caucci von Saucken, P. G. (1984). *Op. Cit.*, p. 179

¹⁴¹ Ferrali, S. (1979). *Op. Cit.*, p. 98

¹⁴² Caucci von Saucken, P. G. (1984). *Op. Cit.*, p. 180

municipio de Pistoia, estando relegada por completo ao control deste¹⁴³. A medida que proliferaba a importancia da institución, o número de *Operai* foi aumentando sucesivamente ata chegar a seis, dos cales debían de integrar a un notario, a un administrador e a un camarlengo, e tamén se ampliaron as tarefas destes, relacionándoos co desenvolvemento da vida da cidade, das funcións institucionais e do axuste de prezos no mercado, ademais da xa nomeada administración dos bens e do culto a Santiago¹⁴⁴.

O primeiro documento que fai unha mención explícita da *Opera di San Jacopo* recóllese no ano 1163, onde o propietario dunha canteira de pedra concédelle o dereito a utilizala ao “presbítero de Bondie, ao rector da igrexa e á Opera di San Jacopo, e viceversa para a igrexa e obras antes mencionadas”¹⁴⁵.

Finalmente no ano 1777, en pleno esplendor da *Opera di San Jacopo*, o monarca Pietro Leopoldo, da dinastía dos Medici, debido á súa educación ilustrada, aboliu por completo a principal institución do culto xacobeo, e delegou así, as súas tarefas, aos funcionarios de nomeamento gran ducal¹⁴⁶.

5.1.2 Patrón da cidade

O apóstolo Santiago asumiu o papel de patrón de Pistoia e da súa comunidade de cidadáns pouco despois da chegada das reliquias á cidade toscana na segunda metade do século XII, tras un proceso de apropiación deste compoñente de forza ideolóxica e política por parte do municipio de Pistoia, que transcorría en paralelo á expropiación de todo o poder da autoridade episcopal na cidade¹⁴⁷. Proba disto foron as estreitas relacións desenvolvidas entre culto xacobeo e o poder civil ao longo dos séculos, as cales quedaron evidenciadas nos costumes populares que mostraban como nesta segunda metade do 1100, as estipulacións contractuais e as débedas anuais, coincidían a propósito coa festa

¹⁴³ Ferrali, S. (1979). *Op. Cit.*, p. 99

¹⁴⁴ Caucci von Saucken, P. G. (1984). *Op. Cit.*, pp. 179-181

¹⁴⁵ *Diplomático, S. Jacopo*, 15 xullo 1163, citado en D'Apruzzo, A. (2016), p. 55

¹⁴⁶ Caucci von Saucken, P. G. (1984). *Op. Cit.*, p. 182

¹⁴⁷ Gai, L. (2020). “Santiago el Mayor patrono di Pistoia: per una rilettura storiografica”, en Caucci von Saucken, P. G. (coord.), *Jacobus Patronus. X Congreso Internacional de Estudios Jacobeos* (pp. 329-399). Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, p. 331

patronal establecida o 25 de xullo: “O costume de fixar a data de vencemento das débedas anuais para o *festum S. Jacobi*, o 25 de xullo”¹⁴⁸.

Esta imaxe do santo desenvolveuse coma unha iconografía propia que destacou sobre todo na caracterización de Santiago como patrón dos peregrinos¹⁴⁹, e coa representación de patrón dos cidadáns pistoieses, asociada ata finais do século XIV co copatrón da cidade, san Zeno¹⁵⁰, a quen se lle dedicou honorificamente a catedral da cidade.

Dende o establecemento de Santiago coma patrón de Pistoia, a cidade pasou a estar integrada completamente na rede de itinerarios xacobeos e de peregrinación que atravesaba a Toscana medieval¹⁵¹, como xa se citou anteriormente no presente traballo, coa aparición da “*via Francesca della Sambuca*”, converténdose, polo tanto, nunha das máis importantes testemuñas en Europa do culto e da peregrinación polo apóstolo Santiago.

5.1.3 O altar de *San Jacopo*

Coa chegada da sagrada cápsula que contiña o fragmento do óso do santo apóstolo á cidade toscana de Pistoia, levouse a cabo, a mans do bispo Atto, a construción dun altar de prata que albergou a reliquia, e que foi disposto orixinariamente na capela de *San Jacopo*, situada entre os dous primeiros tramos da nave dereita da catedral pistoiese, a cal foi consagrada no ano 1145 polo bispo, o día do martirio de Santiago o Maior, é dicir, o 25 de xullo¹⁵². Na actualidade o altar atópase situado na nova capela dedicada ao santo, coñecida como *Capella del Giudizio*, xa que a anterior foi demolida no ano 1785¹⁵³.

¹⁴⁸ D’Apruzzo, A. (2016). *Op. Cit.*, p. 54

¹⁴⁹ D’Apruzzo, A. (2020). *The importance of apocryphal sources in St. James the Greater iconography*. Trivent Publishing, Università Cattolica del Sacro Cuore, Milano, p. 8

¹⁵⁰ D’Apruzzo, A. (2016). *Op. Cit.*, p. 77

¹⁵¹ Castiñeiras González, M. A. (2019). Lucia Gai, L’altare argenteo di San Iacopo a Pistoia. *Ad Limina*, 10 (10), 191-192, p. 191

¹⁵² Gai, L. (2018). Un’immagine del pellegrinaggio tutta d’argento: l’altare di San Jacopo nel duomo di Pistoia. *Compostela*, (39), 5-36, p. 5

¹⁵³ Castiñeiras González, M. A. (2019). *Op. Cit.*, p. 191

Antigamente, no lugar onde se atopaba orixinariamente o altar, só tiñan permitido o acceso os *Operari di San Jacopo*, prohibíndolle así a entrada aos peregrinos e fieis que acudían á catedral a admirar e venerar as reliquias do santo¹⁵⁴. Estes, tan só podían contemplalo a través das reixas que pechaban o recinto nas principais festas litúrxicas, xa que o resto do ano permanecía cuberto, xerando un efecto de sacralidade e de misterio¹⁵⁵.

O altar era o lugar de celebración do sacramento da Eucaristía e, segundo a experta Lucia Gai, funcionaba tamén coma un “punto de contacto metafísico entre a dimensión metahistórica da Xerusalén celeste e a configuración como estrutura asimilada a unha tumba apostólica (mediante a reliquia xacobeá do seu interior).” (Lucia Gai, 2018, p. 5) Foi realizado entre os anos 1287 e 1456 en prata dourada repuxada, polas mans de varias xeracións de diferentes ourives, que realizaron as diferentes partes que hoxe convérteno nunha estrutura unitaria¹⁵⁶.

O núcleo orixinal da peza estaba constituído pola “*tavola argentea*” datada no ano 1287, a cal representaba a imaxe da Virxe co Neno sendo flanqueada polos doce apóstolos, simbolizando así, a alegoría da *Mater Ecclesia*¹⁵⁷. O *antependium* foi saqueado na noite de carnaval do ano 1293 a mans de Vanni Fucci, como recolleu Dante no Canto XXIV do Inferno¹⁵⁸: “Vida de besta praxeume, non de home, como o mulo que fun: Son Vanni Fucci besta, e Pistoia foime boa cuadra [...] Eu non podo ocultar o que preguntas: aquí estou porque fun na sancristía ladrón dos fermosos ornamentos, e acusaron a outro home falsamente.” (*La Divina Comedia*, 1472)¹⁵⁹.

No decembro do ano 1316, o ourive pistoies Andrea di Jacopo d’Ognabene, realizou un novo *antependium* (Figura 8) destinado a adornar o frontal inferior do altar de *San Jacopo*¹⁶⁰. Este estaba composto por quince recadros adornados por un programa iconográfico baseado no Novo Testamento e na Historia de Santiago, e posuía unha

¹⁵⁴ Gai, L. (2018). *Op. Cit.*, p. 7

¹⁵⁵ Castiñeiras González, M. A. (2019). *Op. Cit.*, p. 192

¹⁵⁶ *Ibid.*, pp. 191-192

¹⁵⁷ Gai, L. (1984). *Op. Cit.*, pp. 46, 48-71.

¹⁵⁸ Gai, L. (2018). *Op. Cit.*, p. 8

¹⁵⁹ Dante Alighieri (1472). *La divina comedia*. Luarna Ediciones, Madrid.

Tradución propia do texto orixinal.

¹⁶⁰ *Ibid.*, p. 10

lectura da secuencia narrativa de esquerda a dereita, e de arriba a abaixo, como un texto escrito, a cal víase interrompida no recadro do medio da primeira fila, pola representación dun cristo en maxestade con María e Santiago¹⁶¹.

Entre os anos 1330 e 1340 realizouse a primeira ampliación do dosel, e no ano 1361, iniciouse a realización dos frontais laterais do altar, no que destaca o lado esquerdo, o cal contén a representación dun extenso ciclo xacobeo realizado por Leonardo di ser Giovanni¹⁶². O lado dereito, pola súa contra, representa a historia do Antigo Testamento, e foi levado a cabo polos ourives florentinos Francesco Niccolai e, o mesmo Leonardo di ser Giovanni¹⁶³.

Posteriormente, a obra ampliouse co retablo de Piero d'Arrigo Tedesco (1380-1390), que foi enmarcado no centro cun amplo nicho que gardaba a grande estatua de *San Jacopo in trono* (Figura 9), vestido de patrón, e realizado por Giglio Pisano entre os anos 1349 e 1353¹⁶⁴.

O dosel foi coroado polas representacións de Cristo bendicindo entre coros anxelicais, levadas a cabo polos ourives Nofri di Butto e Atto di Piero Braccini, e completado nos seus lados coas figuras dos Profetas, dos Doutores da Igrexa, dos Evanxelistas e dalgúns outros santos¹⁶⁵, anos despois de ser consagrado en 1399¹⁶⁶.

Nun principio estaba previsto que o monumental *Reliquiario di S. Jacopo* (Figura 10), realizado no ano 1407 polo taller de Lorenzo Ghiberti, fose colocado coroando o retablo arxénteo, pero o proxecto non foi levado a cabo, e este atópase na actualidade en fronte ao altar¹⁶⁷.

¹⁶¹ *Ibid.*, p. 11-15

¹⁶² Castiñeiras González, M. A. (2019). *Op. Cit.*, p. 192

¹⁶³ Gai, L. (2018). *Op. Cit.*, p. 18

¹⁶⁴ Gai, L. (1984). *Op. Cit.*, pp. 96-100

¹⁶⁵ Gai, L. (2018). *Op. Cit.*, p. 27

¹⁶⁶ Castiñeiras González, M. A. (2019). *Op. Cit.*, p. 192

¹⁶⁷ *Ibid.*, p. 192

5.2 Iconografía de Santiago o Maior en Pistoia

As representacións iconográficas máis antigas da figura de Santiago o Maior atopadas en Pistoia, pertencen aos anos sesenta do século XII, é dicir, pouco tempo despois da chegada da reliquia compostelá á cidade e da consagración do altar dedicado ao santo no interior da súa catedral, correspondéndose principalmente coa iconografía apostólica do santo¹⁶⁸.

O primeiro caso atópase no arquitrabe da porta maior da igrexa de *San Bartolomeo in Pantano*, onde se representa a Santiago xunto aos demais apóstolos na escena da *Incredulidade de Santo Tomás* (Figura 11). A segunda imaxe, coetánea á anterior, volve a plasmar ao santo dentro do grupo apostólico na *Última Cea*, nun relevo do arquitrabe da portada principal da igrexa de *San Giovanni Fuorcivitas*¹⁶⁹. (Figura 12)

Non foi ata os últimos anos do século XII cando apareceu, por primeira vez, a representación individual do apóstolo Santiago sen os outros discípulos que o acompañaban. Foi o caso dunha estatua de mármore proveniente da igrexa de *San Jacopo in Castellare*, que se cre que simboliza a *Misión de Cristo a Santiago*, pola similitude que presentan ambos personaxes¹⁷⁰. (Figura 13)

Ademais da representación apostólica do santo, que foi a máis recorrente na iconografía local, Santiago adoptou un imaxinario máis amplo que abarcaba a simboloxía de patrón, e peregrino, que foron plasmadas na arte pistoiense ao longo dos séculos.

No caso da iconografía de Santiago como patrón, o apóstolo adoptou unha dobre funcionalidade ao representar simultaneamente ao patrón da cidade e ao patrón dos peregrinos. Un dos exemplos máis emblemáticos, debido á súa tardía datación no culto xacobeo no ano 1582, é o que se atopa baixo o pórtico fronte á portada dereita da catedral da cidade (Figura 14). Neste caso, o santo aparece cunha man en actitude de bendicir, e coa outra sostén unha maqueta da cidade (patrón da cidade); ademais, está flanqueado a ambos lados por anxos que sosteñen o bordón e o sombreiro de ala ancha, que son claras

¹⁶⁸ D'Apruzzo, A. (2016). *Op. Cit.*, p. 65

¹⁶⁹ *Ibidem*.

¹⁷⁰ *Ibidem*.

insignias da peregrinación (patrón dos peregrinos). Estas dúas connotacións mantiveron ao longo dos séculos unha importancia propia aínda que foron representadas en conxunto, axudando a reforzarse mutuamente¹⁷¹.

O apóstolo case sempre aparece representado con algún atributo que fai alusión á peregrinación, e non foi ata o último cuarto do século XIII, en Pistoia, cando se comezou a representar unha iconografía propia que simbolizaba ao santo como peregrino en si mesmo. O primeiro de todos os exemplos foi o dunha estatua de pedra, probablemente proveniente do *Monastero delle Salesiane*, que representa a un peregrino, cos seus atributos propios (sombreiro, vieira, bordón...), e sostendo un libro na man esquerda, o cal permite diferenciar e asociar á figura coa do santo¹⁷². (Figura 15) Actualmente a peza atópase no patio interior do concello, e é utilizado como lapidario¹⁷³. Esta iconografía tomou forza na cidade de Pistoia ao longo dos séculos, e foi no s. XIV cando se presentou o maior exemplo desta simboloxía do apóstolo, coa xa citada estatua de prata do altar de *San Jacopo*, na que o santo aparece sentado no trono portando atributos de peregrino: sandalias, bordón con zurrón sobre o que aparece unha vieira e sombreiro de ala ancha¹⁷⁴.

No caso de Pistoia, non existen testemuñas explícitas sobre a iconografía de Santiago cabaleiro a pesar da relación da cidade toscana coa acción antisarracena do santo. Isto débese, probablemente, á importante connotación ibérica e á relevancia de España no contexto que orixina e desenvolve a representación do Santiago Matamouros, a cal fora sancionada en Italia no ano 1559 coa Paz de Cateu-Cambrésis, que castigaba o dominio español sobre o territorio italiano¹⁷⁵. Por isto, as referencias artísticas á connotación militar do santo resúmense en simples hipóteses, como é o caso da *Madonna della Pergola* de Bernardino Detti, do 1523 (Figura 16), que representa no fondo da composición, á esquerda do pomo do bordón de Santiago, a un armeiro e a un mouro, facendo alusión á significación cabaleiresca do apóstolo¹⁷⁶. (Figura 17)

¹⁷¹ *Ibid.*, p. 77

¹⁷² D'Apruzzo, A. (2017). *Op. Cit.*, p. 65

¹⁷³ D'Apruzzo, A. (2016). *Op. Cit.*, p. 90

¹⁷⁴ *Ibid.*, p. 92

¹⁷⁵ *Ibid.*, pp. 102-103

¹⁷⁶ *Ibid.*, p. 110

5.3 As tradicións populares

As festas patronais dedicadas a Santiago formaron parte da tradición xacobeá pistoiense dende o octavo decenio do século XII, pouco despois da chegada da reliquia á cidade, ata hoxe en día, coa súa celebración o 25 de xullo de cada ano¹⁷⁷.

Non foi ata a aparición da *Opera di San Jacopo* no século XIII, cando se revelaron as testemuñas máis importantes acerca das disposicións relativas á festa do patrón, expoñendo a realización das cerimoniais relixiosas levadas a cabo nos días máis relevantes da celebración¹⁷⁸. Exemplo é, o da gran procesión que, ao igual que na actualidade, conducía ao clero e aos fieis, dende a praza situada diante da igrexa de *San Francesco*, á capela dedicada a Santiago do interior da catedral de Pistoia¹⁷⁹, ou o da ofrenda, por parte da *Opera*, de seis velas ao bispo da cidade, as cales servían para iluminar os candelabros que daban luz aos edificios sacros e ás capelas dende o século XI¹⁸⁰. Ademais, ven recollido nun documento do ano 1246, a realización do “*paviglione dell’Opera*”, unha grande estrutura conformada diante da catedral a través dun pano decorado con moitas cores, que servía para cubrir do sol aos cidadáns, e axudaba a reforzar a importancia do espazo urbano no que se facía honra ao santo¹⁸¹.

No ámbito laico da festividade xacobeá do século XIII, mencionase por primeira vez o termo “palio”, que refería ao manto honorífico co que se rendía homenaxe ao altar de Santiago, e ás carreiras de cabalos que se levaban a cabo na praza da catedral¹⁸². A *Opera di San Jacopo* era a encargada de realizar dous palios diferentes, un para o vencedor da carreira e outro para o altar xacobeo, que era colocado sobre este, xunto ao de outras institucións que querían renderlle culto ao patrón ao final da procesión, e que debía de representar a importancia do santo para toda a comunidade¹⁸³.

¹⁷⁷ Gai, L. (1987). *Le feste patronali di S. Jacopo e il palio a Pistoia*. Società pistoiense di storia patria, Pistoia, p. 4

¹⁷⁸ D’Apruzzo, A. (2016). *Op. Cit.*, p. 119

¹⁷⁹ Gai, L. (1987). *Op Cit.*, p. 5

¹⁸⁰ *Ibid.*, pp. 5-6

¹⁸¹ *Ibid.*, p. 6

¹⁸² *Ibidem.*

¹⁸³ *Ibid.*, p. 14

A relevancia da festividade veuse reflexada no 1296, nun documento que atestaba o costume de liberar a algúns carcerarios quince días antes da primeira celebración xacobeá, para así ser presentados na capela de *San Jacopo* o día da véspera por veneración ao santo, e, as veces, para participar na procesión que chegaba á catedral: “os que lle foron “ofrecidos” a el, homes e mulleres ata seis persoas, tiveron que saír da prisión en filas de dous, con veas e cirios acesos na man”¹⁸⁴.

Así mesmo, comezaron a xurdir unha serie de costumes ligadas ás comidas familiares dos días das festas de Santiago, nas que os pratos principais caracterizábanse por ser os doces típicos da zona (*berlingozzo* e *brigidine*)¹⁸⁵, algunhas das froitas xa maduras, comunmente chamadas “*uva saiacopa*” e “*mazá saiacopa*” polo seu período de maduración e alimento en datas xacobeas, e sobre todo, os macarróns da comida do 25 de xullo, cuxa influencia chegou ás campás de mediodía, que “sonaban a macarrón”¹⁸⁶.

A partir de aquí, a festa patronal vai perdendo parte da súa autonomía e da súa espiritualidade orixinal a medida que avanza os séculos, ata chegar a actualidade, onde esta relacionase principalmente co espectáculo de fogos artificiais da noite da véspera de Santiago e coa “*giostra dell’orso*”, a cal pretendía recuperar a tradición municipal medieval das carreiras de cabalos, afastándose así da espiritualidade, para dar paso á simple celebración festiva¹⁸⁷.

¹⁸⁴ Gai, L. (1990). *I riflessi della devozione jacobea nei comportamenti sociali*. Società pistoiese di storia patria, Pistoia, p. 4

¹⁸⁵ Rafanelli, F. (2015). *Op. Cit.*, p. 5

¹⁸⁶ Ferrali, S. (1979). *Op. Cit.*, p. 123

¹⁸⁷ Gai, L. (1987). *Op. Cit.*, p. 22

6. Conclusións

No traballo realizado tratouse de expoñer a relación existente entre as cidades xacobeas de Santiago de Compostela e Pistoia a través dunha extensa análise bibliográfica da figura do santo, do seu culto e da súa iconografía en ambos lugares, á vez que se procurou realizar unha explicación do contexto histórico que provocou a chegada da reliquia á cidade toscana, e como influíu esta nos aspectos anteriores e na conformación dunha “Compostela Italiana”.

A situación de crise eclesiástica e civil que estaba atravesando Pistoia no ano 1138 encontrou unha solución na implantación do novo culto dedicado a Santiago a través do ingreso da reliquia ósea do apóstolo e da copia incompleta do *Codex Calixtinus*, doados polo arcebispo compostelán Diego Xelmírez á catedral pistoiense. A veracidade deste suceso atopou fontes suficientes que axudaron a contrastalo e a chegar á conclusión de que o acontecemento resultou unha simple estratexia política por parte do bispo italiano Atto para resolver as dificultades pertinentes, que rematou conlevando á consagración dun novo centro de peregrinación cristiá xacobeo en Italia.

Pistoia enlazouse a Santiago a través dun camiño que conectaba coa recoñecida vía Francíxena, convertendo a cidade nun novo lugar de culto ao santo, e nunha parada obrigatoria na ruta do Camiño cara Compostela; e adoptou, a través desta serie de intercambios, unha iconografía e cultura xacobeas propia adaptada ao contexto local, que presenta grandes similitudes coa realidade compostelá.

Ambas cidades comparten unha gran riqueza cultural que reforza aínda máis a apreciación das súas similitudes, xestando unha irmandade entre as dúas que comezou hai máis de 870 anos, e que continúa na actualidade, compartindo tradicións, padroado e haxiografía local a través do culto a Santiago o Maior, fillo de Zebedeo.

7. Fontes primarias e bibliografía

Fontes primarias

Dante Alighieri (1472). *La divina comedia*. Luarna Ediciones, Madrid.

Sagrada Biblia. (1979), Nácar Fuster, E. e Colunga, A. (ed.), La Editorial Católica, Madrid.

Liber Sancti Iacobi. Codex Calixtinus. (2004), Moralejo, A., Torres, C. e Feo García, J. (trad.), Consellería de Cultura, Comunicación social e Turismo, Xerencia de Promoción do Camiño de Santiago, Santiago de Compostela.

Salvi, M. (1656). *Delle historie di Pistoia e fazioni d'Italia*. (Tomo I). Roma.

Santiago de la Vorágine (1982). *La leyenda dorada* (J. M. Macías, Trans.). Alianza Forma Editorial. (Traballo orixinal do s. XIII)

Bibliografía

Barral Rivadulla, M. D. (2023). “Santiago miles-Santiago Matamoros. Caminos de su imajería en Galicia”, en Monteiro Arias, I. (coord.), *Almanzor y Carlomagno. El Camino de Santiago ante el islam en época medieval* (pp. 161-184). Ediciones Trea, Gijón.

Cauci von Saucken, P. G. (1984). *Il Cammino Italiano a Compostela. Il pellegrinaggio a Santiago di Compostella e l'Italia*. Università degli studi di Perugia.

Carvajal González, H. (2015). Santiago Peregrino. *Revista Digital de Iconografía Medieval*, VII (14), 63-75.

Castiñeiras González, M. A. (2019). Lucia Gai, L'altare argenteo di San Iacopo a Pistoia. *Ad Limina*, 10 (10), 191-192.

D'Apruzzo, A. (2016). *Il culto di San Giacomo Maggiore e l'immagine iacobe a Pistoia*. [Tesis de maestría no publicada]. Alma Mater Studiorum, Universidad de Bologna.

D'Apruzzo, A. (2017). The Influence of Pilgrimage Routes on Local Culture and Imagination: the “Italian Compostela” as a Case Study. *Almatourism, Journal of Tourism, Culture and Territorial Development*, (16), 59-79.

D'Apruzzo, A. (2019). "Pellegrinaggio iacobeo e committenza francescana: il caso di Pistoia", en *V Ciclo di Studi Medievali* (pp. 227-233). NUME, Nuovo Medioevo, gruppo di ricerca sul Medioevo latino.

D'Apruzzo, A. (2020). *The importance of apocryphal sources in St. James the Greater iconography*. Trivent Publishing, Università Cattolica del Sacro Cuore, Milano.

Díaz de Bustamante, J. M. (1999). "La Leyenda Dorada de Jacobo de Varazze. Hagiografía y devoción: santos, reliquias y peregrinaciones", en *Santiago el Mayor y la Leyenda Dorada* (pp. 113-128). Conselleria de Cultura, Comunicación social e Turismo.

Díaz y Díaz, M. (1984). "El texto y la tradición textual del Calixtino", en *Atti del Convegno Internazionali di Studi. Pistoia e il Cammino di Santiago: Una dimensione europea nella Toscana medioevale*, Pistoia 28-30 settembre, 1984 (pp. 23-56). Edizioni Scientifiche Italiane.

Ferrali, S. (1979). *L'apostolo S. Jacopo il Maggiore e il suo culto a Pistoia: (con documenti in parti inediti)*. Opera dei santi Giovanni e Zeno, Fabbriceria della Cattedrale, Pistoia.

Gai, L. (1984). *L'altare argenteo di San Iacopo nel Duomo di Pistoia. Contributo alla storia dell'oreficeria gotica e rinascimentale italiana*. Umberto Allemandi & C., Torino.

Gai, L. (1984). "Testimonianze jacobee e riferimenti compostellani nella storia di Pistoia dei secoli XII-XIII", en *Atti del Convegno Internazionali di Studi. Pistoia e il Cammino di Santiago: Una dimensione europea nella Toscana medioevale*, Pistoia 28-30 settembre, 1984 (pp. 119-230). Edizioni Scientifiche Italiane.

Gai, L. (1987). *Le feste patronali di S. Jacopo e il palio a Pistoia*. Società pistoiese di storia patria, Pistoia.

Gai, L. (1988). *Il Cammino di Santiago: Storia della devozione medioevale per l'apostolo Giacomo il maggiore, protettore della Spagna e patrono di Pistoia*. Comitato di S. Jacopo, Pistoia.

Gai, L. (1990). *I riflessi della devozione jacobea nei comportamenti sociali*. Società pistoiese di storia patria, Pistoia.

Gai, L. (2003). "El Camino Italiano de Santiago", en Caucci von Saucken, P. G. (ed.), *Santiago. La Europa del Peregrinaje* (pp. 299-319). Lunwerg, Barcelona.

Gai, L. (2018). Un'immagine del pellegrinaggio tutta d'argento: l'altare di San Jacopo nel duomo di Pistoia. *Compostela*, (39), 5-36.

Gai, L. (2020). "Santiago el Mayor patrono di Pistoia: per una rilettura storiografica", en Caucci von Saucken, P. G. (coord.), *Jacobus Patronus. X Congreso Internacional de Estudios Jacobeos* (pp. 329-399). Xunta de Galicia, Santiago de Compostela.

García Iglesias, J. M. (2011). *Santigos de Santiago: dos apóstoles al final del camino*. Alvarellos Editora, Santiago de Compostela.

García Páramo, A. (1993). La iconografía de Santiago en la pintura gótica castellana. *Cuadernos de arte e iconografía*, VI (11), 92-97.

Iglesias Villaverde, X. (2010). "Guillermo de Vercelli, San", en M. F. Rodríguez (ed.), *Gran Enciclopedia del Camino de Santiago, Diccionario de la Cultura Jacobea*. (Vol. 9). Ediciones Bolanda, Santiago de Compostela.

López Alsina, F. (1994). "La invención del sepulcro de Santiago y la difusión del culto jacobeo", en *El Camino de Santiago y la articulación del espacio hispánico* (pp. 59-83). Gobierno de Navarra, Pamplona.

Lopez, L. (2012). *La imagen de Santiago de Compostela y del Camino en Italia. Una aproximación desde la geografía cultural*. [Tesis de Doctorado, Universidad de Santiago de Compostela]. Repositorio institucional – Universidad de Santiago de Compostela.

Nodar Fernández, V. R. (2005). De Apóstol a Peregrino: La iconografía de Santiago en el Camino Inglés a Compostela. *Abrente: Boletín de la Real Academia Gallega de Bellas Artes de Nuestra Señora del Rosario*, (35-37), 103-116.

Outeiral Brión, S. (2010). "Italia", en M. F. Rodríguez (ed.), *Gran Enciclopedia del Camino de Santiago, Diccionario de la Cultura Jacobea*. (Vol. 10). Ediciones Bolanda, Santiago de Compostela.

Plötz, R. (2006). "El Camino de Santiago. Puente histórico de comunicación entre las naciones europeas y signo de la nueva Europa", en *Actas del VII Congreso Internacional de Asociaciones Jacobeas* (pp. 35-54). Centro de Estudios Jacobeos.

Rafanelli, F. (2015). *San Giacomo Apostolo*. Diocesi di Pistoia. https://www.diocesipistoia.it/san-giacomo-apostolo/?preview=true&preview_id=4104

Rodríguez, M. F. (2010). “Boanerges”, en M. F. Rodríguez (ed.), *Gran Enciclopedia del Camino de Santiago, Diccionario de la Cultura Jacobea*. (Vol. 3). Ediciones Bolanda, Santiago de Compostela.

Rodríguez, M. F. (2010). “Concordia de Antealtares”, en M. F. Rodríguez (ed.), *Gran Enciclopedia del Camino de Santiago, Diccionario de la Cultura Jacobea*. (Vol. 5). Ediciones Bolanda, Santiago de Compostela.

Rodríguez, M. F. (2010). “Historia Silense”, en M. F. Rodríguez (ed.), *Gran Enciclopedia del Camino de Santiago, Diccionario de la Cultura Jacobea*. (Vol. 9). Ediciones Bolanda, Santiago de Compostela.

Rodríguez, M. F. (2010). “Legenda aurea”, en M. F. Rodríguez (ed.), *Gran Enciclopedia del Camino de Santiago, Diccionario de la Cultura Jacobea*. (Vol. 11). Ediciones Bolanda, Santiago de Compostela.

Rodríguez, M. F. (2010). “Santiago apóstol”, en M. F. Rodríguez (ed.), *Gran Enciclopedia del Camino de Santiago, Diccionario de la Cultura Jacobea*. (Vol. 16). Ediciones Bolanda, Santiago de Compostela.

Rodríguez, M. F. (2010). “Santiago el Mayor”, en M. F. Rodríguez (ed.), *Gran Enciclopedia del Camino de Santiago, Diccionario de la Cultura Jacobea*. (Vol. 16). Ediciones Bolanda, Santiago de Compostela.

Rucquoi, A. (2019). The Way of Saint James: A sacred space?. *International Journal of Religious Tourism and Pilgrimage*, 7(5), 41-47.

Santos Solla, X. M. (2006). El Camino de Santiago: turistas y peregrinos hacia Compostela. *Cuadernos de Turismo*, (18), 135-150.

Savino, G. (1984). “La leggenda di San Jacopo dal volgarizzamento trecentesco della <<Legenda aurea>> di Jacopo da Varazze in un codice pistoiese”, en *Atti del Convegno Internazionali di Studi. Pistoia e il Cammino di Santiago: Una dimensione europea nella Toscana medioevale*, Pistoia 28-30 settembre 1984 (pp. 231-244). Edizioni Scientifiche Italiane.

Stopani, R. (1995). “La via Francigena: <<Camino>> italiano per Compostela e punto d’incontro degli itinerari delle <<peregrinationes maiores>>”, en *Actas del Congreso de Estudios Jacobeos, Santiago de Compostela, 4 al 6 de noviembre de 1993*

(pp. 665-672). Santiago de Compostela, Dirección Xeral de Promoción do Camiño de Santiago.

Stopani, R. (2001). *Il <<Camino >> Italiano per Santiago de Compostela. Le fonti itineraria di età medievale*. Le Lettere, Firenze.

Temperán Villaverde, E. (1997). *La liturgia propia de Santiago en el Códice Calixtino*. Xunta de Galicia, Santiago de Compostela.

8. Anexos

Figura 1: Mestre Mateo, *Santiago Apóstolo*, Santiago de Compostela, Pórtico da Gloria da Catedral de Santiago de Compostela, s. XII.

Figura 2: Juan de Juanes, *Santiago Peregrino*, Santiago de Compostela, Museo das Peregrinacións e de Santiago, 1560-1570.

Figura 3: José Gambino, *Santiago Matamouros*, Santiago de Compostela, Camarín de Santiago Caballero de la Catedral de Santiago de Compostela, 1775.

Figura 4: Renato Stopani, *A vía Francíxena, o trazado base dos peregrinos italianos directos a Santiago de Compostela*, Firenze, en *Il <<Camino >> Italiano per Santiago de Compostela. Le fonti itineraria di età medievale* (p. 21), 2001.

Figura 5: Renato Stopani, *A vía Francíxena e os portos de embarco a Compostela*, Firenze, en *Il <<Camino >> Italiano per Santiago de Compostela. Le fonti itineraria di età medievale* (p. 24), 2001.

Figura 6: Arquitecto anónimo, *Igrexa de San Jacopo in Castellare*, Pistoia, s. X

Figura 7: Pintor toscano anónimo, *Pinturas murais da igrexa de San Jacopo in Castellare*, Pistoia, interior da nave central da igrexa de *San Jacopo in Castellare*, s. X

Figura 8: Andrea di Jacopo d'Ognabene, Francesco Niccolai, Leonardo di ser Giovanni, Piero d'Arrigo Tedesco e outros, *Altar de San Jacopo*, Pistoia, interior da Catedral de san Zeno, 1287-1456.

Figura 9: Giglio Pisano, *San Jacopo in trono*, Pistoia, altar da Catedral de san Zeno, 1349-1353.

Figura 10: Lorenzo Ghiberti, *Reliquiario di S. Jacopo*, Pistoia, Catedral de san Zeno, 1407.

Figura 11: Mestre provenzal, *Incredulidade de santo Tomás*, Pistoia, arquitrabe da igrexa de *San Bartolomeo in Pantano*, 1160-1170.

Figura 12: Gruamonte, *Última cea*, Pistoia, arquitrabe da igrexa de *San Giovanni Fuorcivitas*, 1167 ca.

Figura 13: Escultor toscano anónimo, *Misión de Cristo a Santiago*, Pistoia, Museo Cívico, anteriormente na igrexa de *San Jacopo in Castellare*, finais do s. XII.

Figura 14: Battista Naldini e Giovanni Battista Balducci, *Santiago patrón da cidade de Pistoia*, Pistoia, Catedral de san Zeno, pórtico de ingreso, 1582.

Figura 15: Escultor lombardo anónimo, *Santiago peregrino*, Pistoia, Palacio Comunal, último cuarto do s. XIII.

Figura 16: Bernardino di Antonio Detti, *Madonna della Pergola*, Pistoia, Museo Cívico, 1523.

Figura 17: Bernardino di Antonio Detti, *Madonna della Pergola* (detalle), Pistoia, Museo Cívico, 1523.



Figura 1: Mestre Mateo, *Santiago Apóstolo*, Santiago de Compostela, Pórtico da Gloria da Catedral de Santiago de Compostela, s. XII.



Figura 2: Juan de Juanes, *Santiago Peregrino*, Santiago de Compostela, Museo das Peregrinacións e de Santiago, 1560-1570.



Figura 3: José Gambino, *Santiago Matamouros*, Santiago de Compostela, Camarín de Santiago Caballero de la Catedral de Santiago de Compostela, 1775.



Figura 4: Renato Stopani, *A vía Francixena, o trazado base dos peregrinos italianos directos a Santiago de Compostela*, Firenze, en *Il «Camino» Italiano per Santiago de Compostela. Le fonti itineraria di età medievale* (p. 21), 2001.



Figura 5: Renato Stopani, *A vía Francígena e os portos de embarco a Compostela, Firenze, en Il «Camino» Italiano per Santiago de Compostela. Le fonti itineraria di età medievale* (p. 24), 2001.



Figura 6: Arquitecto anónimo, *Igrexa de San Jacopo in Castellare, Pistoia, s. X*



Figura 7: Pintor toscano anónimo, *Pinturas murais da igrexa de San Jacopo in Castellare*, Pistoia, interior da nave central da igrexa de *San Jacopo in Castellare*, s. X.



Figura 8: Andrea di Jacopo d'Ognabene, Francesco Niccolai, Leonardo di ser Giovanni, Piero d'Arrigo Tedesco e outros, *Altar de San Jacopo*, Pistoia, interior da Catedral de san Zeno, 1287-1456.



Figura 9: Giglio Pisano, *San Jacopo in trono*, Pistoia, altar da Catedral de san Zeno, 1349-1353.



Figura 10: Lorenzo Ghiberti, *Reliquiario di S. Jacopo*, Pistoia, Catedral de san Zeno, 1407.



Figura 13: Escultor toscano anónimo, *Misión de Cristo a Santiago*, Pistoia, Museo Cívico, anteriormente na igrexa de *San Jacopo in Castellare*, finais do s. XII.



Figura 14: Battista Naldini e Giovanni Battista Balducci, *Santiago patrón da cidade de Pistoia*, Pistoia, Catedral de san Zeno, pórtico de ingreso, 1582.



Figura 15: Escultor lombardo anónimo, *Santiago peregrino*, Pistoia, Palacio Comunal, último cuarto do s. XIII.



Figura 16: Bernardino di Antonio Detti, *Madonna della Pergola*, Pistoia, Museo Cívico, 1523.



Figura 17: Bernardino di Antonio Detti, *Madonna della Pergola* (detalle), Pistoia, Museo Cívico, 1523.